
está por debaixo de	UE2038
está por riba de	UE2048



N

179.9

180.11

180.09

180.08

0.7

Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2047

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Depósito
Contexto:	Abandono	GE:	GE2011

Descrición:

Depósito de terra marrón pouco compactada e relativamente limpa, que se dispón pola totalidade da sondaxe. Recupéranse no seu interior pouca tella e escasas cerámicas. Localízase no espazo comprendido entre a falsabraga e a cara externa da muralla, á altura do baluarte rectangular SW.

Interpretación:

Posiblemente colmatación natural, con algún aporte procedente de ladeira arriba, da derruba da falsabraga. Así o semella indicar a ausenza de elementos de derrubo como bloques de pedra.

Resumo materiais:

Cerámica	11

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2000
está por riba de	UE2049
está por riba de	UE2079



N

180.49

180.3

180.49

180.23

0.5

Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2048

Tipo:	Estrutura	Estrutura:	Solo
Contexto:	Ocupación	GE:	GE2007

Descrición:

Depósito composto por terra amarelenta de gran medio moi compactada e bloques irregulares de tamaño mediano e pequeño. Ten forma alongada en dirección N-S, a súa lonxitude é de 5 m., cun ancho de 2 m. Está na liza, sobre a rocha natural, sen apenas buzamento, conformando o que semella un pavimento. Presenta abundantes fragmentos de tella.

Interpretación:

Posible pavimento dunha zona de paso sobre a falsabraga. Sitúase sobre a superficie da parte interna da falsabraga, adosada por outra banda ao afloramento rochoso, e deixando espazo suficiente para, por exemplo, situar unha liña de almeas. A súa cota correspóndese además coa superficie de paso da liza no resto do castelo.

Resumo materiais:

Cerámica	52
Metal ferro	1
Vidro	1

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2038
cobre a	UE2039
cobre a	UE2040
cobre a	UE2041
está por debaixo de	UE2042
está por debaixo de	UE2046
cobre a	UE2053
cobre a	UE2138
cobre a	UE2161
está coberto por	UE2162
está coberto por	UE2166
está coberto por	UE2167
cobre a	UE2424
cobre a	UE2425
cobre a	UE2431
cobre a	UE2432



N

180.03

180.13

180.07

179.93

0.8

Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2049

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Derrubo
Contexto:	Destrución	GE:	GE2011

Descrición:

Depósito integrado por bloques de pedra irregulares, de entre 10 e 30 cm. Disponse cun buzamento a favor da ladeira (cara ao W). Recupéranse fragmentos de tella e cerámica, ainda que esta de cronoloxía moderna.

Interpretación:

Derruba do baluarte SW composta por bloques de pedra que proveñen da propia falsabraga, a xulgar polo seu pequeno tamaño e o seu buzamento.

Resumo materiais:

Cerámica	15
Lítico	11

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2047


N
180.38
180.6
180.17
180.17
180.33
180.15
0.9
Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2050

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Solo
Contexto:	Ocupación	GE:	GE2023

Descrición:

Depósito composto por tella pisada e terra marrón con alto compoñente orgánico. Esténdese a ambos lados dun muro que se dispón de L-W. No seu interior recupéranse abondosos materiais, sobre todo tella, cerámica e ferros (principalmente cravos), pequenos fragmentos de ósos e cunchas. O depósito está cortado a N e S.

Interpretación:

Nivel de ocupación mesturado co de destrución da última ocupación do castelo. Sitúase baixo o depósito de bloques producido polo espolio do castelo e no seu interior recupéranse materiais de clara adscrición medieval correspondentes ao último momento de ocupación do castelo, como por exemplo unha moeda de Juan II.

Resumo materiais:

Cerámica	100
Lítico	7
Metal bronce	2
Metal ferro	47
Vidro	2

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2043
está por riba de	UE2054
está por debaixo de	UE2070
está por riba de	UE2184
está cortado por	UE2185
está por riba de	UE2298
está por riba de	UE2358



N

182.88

182.88

182.93

182.86

182.71

182.78

182.72

0.75

Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2051

Tipo:	Estrutura	Estrutura:	Muro
Contexto:	Destrución	GE:	GE2013

Descrición:

Estrutura composta por unha única fiada de pedras dispostas en 2 liñas, co eixo maior orientado de N-NW/S-SL. Os bloques son irregulares, alongados. Non presenta unha cara moi definida, aínda que groso modo vén a apoiarse nun rebaixe ou chanzo no afloramento, ao que prolonga. Non dá lugar tampouco a unha superficie regular.

Interpretación:

Estrutura de contención da UE2009, apoiada no afloramento. Probablemente vinculada pola súa factura e función ao espolio do xacemento.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2009


N
184.01184.01
184.03184.03
184.05184.05
184.05184.05
184.02184.02
184.02184.02
183.9183.9
184.04184.04
0.6
Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2052

Tipo:	Estrutura	Estrutura:	Muro contención
Contexto:	Destrución	GE:	GE2013

Descrición:

Estrutura composta por 5 pedras irregulares dispostas nunha única fiada en dirección L-W. Non están tomadas con argamasa ningunha, e contiñan á UE2003, un conxunto de pedras sen apenas terra entre elas.

Interpretación:

Estrutura disposto para facilitar o amoreamento de pedras desbotadas durante o espolio do castelo. Non conforma unha superficie válida, nin delimita espazo ningún. Só serve para facilitar o amoreamento de pedras. Esta estrutura é rexistrada dentro do derrube UE2003, ao comprobarse que non da lugar a outra función que estruturar este derrube.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2003
está por debaixo de	UE2009

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2053

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Derrubo
Contexto:	Destrución	GE:	GE2026

Descrición:

Depósito de pedras de gran tamaño. Aparecen encaixadas no espazo que hai entre a estrutura da falsabraga na súa cara interna e o corte feito na rocha natural. As pedras teñen un tamaño que oscila entre 0,5 e 1 m, máis ou menos. Dúas delas son perpiaños rectangulares e outra aparece traballada cun semicírculo. O depósito non foi escavado ante o risco de afectar á cara interna da falsabraga e ante o feito de que o depósito descansa directamente sobre a rocha base.

Interpretación:

Parte da derruba rexistrada como UE2038, neste caso ubicada dentro do espazo que temos entre a falsabraga e a muralla.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2000
está por debaixo de	UE2048



N

179.83

179.57

179.88

0.4

Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2054

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Solo
Contexto:	Ocupación	GE:	GE2023

Descrición:

Depósito de terra amarela primeiro, logo grisácea e roxa e finalmente marrón, con pedra miúda. Disponse baixo a derruba UE2043, adosada a un muro de contención con forma semicircular. Ten unha compactación elevada, que vai disminuíndo coa profundidade. Presenta moita tella en contacto co pavimento inferior.

Interpretación:

Nivel de ocupación no extremo NL do muro UE2069. Así o indica a elevada presenza de xabre e materiais arqueolóxicos. O depósito relaciónase, atendendo á súa composición e á posición estratigráfica, co nivel de ocupación UE2055.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2043
está por debaixo de	UE2050
está por riba de	UE2069

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2055

Tipo:	Estrutura	Estrutura:	Pavimento
Contexto:	Ocupación	GE:	GE2023

Descrición:

UE equiparada a UE2054. Depósito composto basicamente de xabre, pedras e tella apelmazados, disposto horizontalmente todo ao longo do pé da cara N da estrutura, ten un ancho escaso, que non supera os 30 cm. No seu interior recupéranse fragmentos cerámicos e de tella.

Interpretación:

Pavimento baixo o derradeiro momento de ocupación medieval do castelo. Consérvase só neste punto por ter sido cortado e aplastado pola derruba más aló do pé da estrutura. Volve a aparecer parcialmente ao pé da derruba. Relaciónase, pola súa composición e posición estratigráfica, co veciño solo UE2054.

Resumo materiais:

Cerámica	26
Lítico	2
Metal ferro	18
Metal Vellón	1

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2043
está por debaixo de	UE2057
está coberto por	UE2184
cobre a	UE2285
cobre a	UE2290


N
182.84
182.93
182.99
182.74
182.88
182.92
182.64
182.74
182.59
182.77
182.69
182.94
182.53
182.82
182.71
182.54
182.4
182.56
182.41
182.56
0.9
Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2056

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Derrubo
Contexto:	Destrución	GE:	GE2026

Descrición:

Depósito composto por bloques irregulares, xabre e tellas, pouco compactado, e disposto na parte inferior da morea de pedras producida polo espolio do castelo neste sector. Presenta abundante tella e algún metal e anaco cerámico.

Interpretación:

Parte inferior do espolio neste sector, se cadra mesturado con derrubas orixinais. A composición incorpora moitas tellas e xabre provinte da alma dos muros, o que parece indicar que estamos nun momento inicial da desmontaxe e espolio do castelo.

Resumo materiais:

Cerámica	18
Lítico	2

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2009
está por debaixo de	UE2058



N

183.59

183.69

183.56

183.69

183.58

183.56

183.62

183.38

0.6

Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2057

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Entulleira
Contexto:	Destrución	GE:	GE2026

Descrición:

Depósito composto por grandes bloques irregulares de granito; de entre 20 y 80 cm, dispostos aleatoriamente, con buzamento cara ao N, conforme co que sería a derruba do muro localizado neste sector. Disponse cortando os depósitos inferiores, que además quedan sepultados por el. Disponse a todo o longo da estrutura UE2069.

Interpretación:

Entullado intencionado de materiais desbotados durante o espolio da cara interna da muralla, e depositados aquí tras facer un profundo corte no nivel de ocupación medieval. Así o amosa a ausencia de sillares de calidade, a profundidade do corte e o feito de que a súa base sexa plana.

Resumo materiais:

Cerámica	15
Lítico	6
Metal bronce	1
Metal ferro	5

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2043
está por riba de	UE2055
está por riba de	UE2185


N
182.19
181.96
181.87
1
Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2058

Tipo:	Estrutura	Estrutura:	Muro
Contexto:	Destrución	GE:	GE2013

Descrición:

Estrutura composta por 8 bloques de pedra irregulares, dispostos en dúas fiadas co seu eixo maior en dirección L-W. Os bloques son pouco regulares, amosando certo careado cara ao S. Non están unidos por argamasa. Dispóñense retendo parte do depósito UE2003 e UE2009.

Interpretación:

Estrutura de contención asociado ao espolio do castelo. Así o indica a súa pobre factura, así como o feito de que a súa única función é aparentemente conter os entullos de pedras UE2003 e UE2009.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2009
cobre a	UE2056


N
183.59
183.59
183.8
184.06
184.18
184.13
183.42
184.14
184.13
0.25
Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2059

Tipo:	Corte	Estrutura:	Sen datos
Contexto:	Construción	GE:	GE2003

Descrición:

Conxunto de 4 cortes na rocha de sección rectangular, cunha profundidade duns 10 cms, unha lonxitude, cada un deles, de 10 centímetros, e unha anchura de 2,5 cms . Practicouse nunha parte do afloramento bastante plana. Os cortes estábn alineados de NW a SE. Tres deles estaban recheos do mesmo depósito que cubría a zona (UE), e un deles dun sedimento distinto (UE2060).

Interpretación:

Conxunto de cuñeiras (buratos para introducir cuñas de canteiro) aliñados para cortar a pedra neste punto, labor que non chegou ao seu fin. Non podemos precisar se o corte se practicou para obter material de construcción ou para construír parte da estructura do castelo.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está recheo por	UE2009
está recheo por	UE2060
corta a	UE2362
corta a	UE2363
corta a	UE2364
corta a	UE2365


N
183.93
183.6
183.56
0.03
Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2060

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Depósito
Contexto:	Construción	GE:	GE2003

Descrición:

Recheo de terra e pedriñas, en todo semellante á terra que acompaña á UE2009. Só se diferencia en que na súa base temos un nivel de limos. Recupérase no seu interior un fragmento de verde sevillano. Tómase mostra para datación. É o depósito que enchía a primeira cuñeira contando dende o norte da UE2059.

Interpretación:

Enchemento da cuñeira norte da UE2059. Aínda que na súa meirande parte é semellante ao depósito UE2009, presenta na súa base un nivel de limos que aconsella a súa individualización. Os restantes buratos están enchidos pola UE2009.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2009
rechea a	UE2059
está por debaixo de	UE2067
está por debaixo de	UE2068

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2067

Tipo:	Estrutura	Estrutura:	Muro
Contexto:	Construción	GE:	GE2003

Descrición:

Pequeno muro en L e illado sobre o afloramento. O seu aspecto actual semella ser produto de dous momentos constructivos; no inicial disponse o bloque de branito, hoxe fragmentado, aliñado caraao SL e nun segundo momento dispóñense caraao W varias pedras de distinta orixe e mal acabadas.

Interpretación:

Na nosa opinión non estaríamos propiamente ante un muro senón nun elemento construtivo que vén completar un dos chanzos do complexo de plataformas ou gradas que rodearían a torre da homenaxe. A superficie e cota que xenera encaixa perfectamenete niso.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2009
cobre a	UE2060


183.58
N
183.6
183.56
183.65
183.86
183.62
183.56
183.43
183.54
183.51
183.84
183.38
0.07
Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2068

Tipo:	Estrutura	Estrutura:	Pavimento
Contexto:	Construción	GE:	GE2003

Descrición:

Estrutura composta por un conxunto de pedras de entre 20 e 40 cm, irregulares, coa cara superior puída. Teñen pedriñas e anaquiños de tella polo medio. A súa planta é aproximadamente triangular (con forma de triángulo escaleno). O seu eixo maior está orientado cara o N. Está delimitado polo afloramento, enchendo e regularizando un dos ocos que presenta.

Interpretación:

Empedrado que regulariza o espazo externo da torre da homenaxe, cubrindo un dos ocos que presenta o afloramento. É un dos escasos exemplos de empedrado de certa calidade conservados no xacemento. A súa presenza apoia a idea de que o exterior da torre da homenaxe estivese en orixe moito mellor regularizado e acabado que na actualidade.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2003
está por debaixo de	UE2009
cobre a	UE2060


N
183.23
183.37
183.27
183.29
183.26
183.32
183.25
183.21
183.23
183.14
183.25
183.22
183.25
183.11
183.26
0.25
Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2069

Tipo:	Estrutura	Estrutura:	Muro
Contexto:	Construción	GE:	GE2005

Descrición:

Muro de longas dimensións localizado na parte interior da fortaleza, que parace tratarse dun muro medianeiro que pecha diferentes estancias. O muro presenta integrada unha canle de pedra. O muro ten dúas cotas de cimentación diferentes, unha na cara ao Norte, con tizóns que saen da liña do muro, en forma de cachotes de tamaño medio (50-60 cm) que marcarían da liña de uso da porta da fortaleza. E outra no interior, cara sur do paramento. A cota do lado N está 60 cm por riba da cota do lado sur. Na cara sur a cimentación está evidenciada por varios tizóns que saen da liña do muro na parte máis baixa escavada; ao longo da estrutura. Os tizóns na base do muro poden marcar este nivel de uso.

Interpretación:

Muro que, en aparencia separa o espazo ocupado pola torre da homenaxe e os seus aledaños, das estancias que se adosan á cara interna da muralla. A súa factura, actualmente, é pobre, o cal debe obedecer ao espolio e degradación de boa parte do seu revestimento.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2054
está coberto por	UE2102
está por debaixo de	UE2205
está coberto por	UE2300
está coberto por	UE2302
está por debaixo de	UE2305


N
4
Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2070

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Entulleira
Contexto:	Destrución	GE:	GE2026

Descrición:

Depósito de pedras de granito sen terra polo medio, bloques medianos e pequenos, case que non aparecen materiais. Disponse por todo o cadrante SL do sector. É un depósito de grande extensión, na que mantén composición e buzamento. No seu interior apenas se recuperan materiais arqueolóxicos.

Interpretación:

Na nosa opinión estamos ante un entullo composto por materiais desbotados durante o espolio da muralla e das estancias anexas. A ausencia de materiais arqueolóxicos e de materiais constructivos de calidade, como sillares, fan que nos inclinemos cara a esta posibilidade máis que ante un derrubo. Por outra banda, non hai nas inmediacións estruturas dun porte suficiente para xerar este derrubo.

Resumo materiais:

Cerámica	124
Lítico	19
Metal ferro	2

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2043
está por riba de	UE2050
está por debaixo de	UE2171
está cortado por	UE2172
rechea a	UE2174
rechea a	UE2175
está cortado por	UE2189
está por riba de	UE2199


N
182.68
182.49
182.88
182.62
182.83
182.82
182.72
182.79
182.87
183.05
182.59
182.71
182.71
182.51
181.9
181.85
181.89
181.87
182.22
182.4
182.09
181.92
182.51
181.85
182.32
182.02
182.09
182.29
181.99
181.99
182.13
182.03
181.94
181.24
181.17
181.16
181.01
181.09
181.1
180.75
0.75
Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2071

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Depósito
Contexto:	Construción	GE:	GE2012

Descrición:

Depósito de terra marrón de compactación media, cunha grande cantidade de tellas,de disposición horizontal. Preséntase coma unha testemuña baixo a UE2035 (muro), documentado en campañas de escavación anteriores, polo que se presenta como bastante descontextualizado cara o lado W, S e N.

Interpretación:

Semella que estamos ante un depósito de recheo sobre o que se asentou o muro UE2035. A presenza de tella e a escasa compactación do depósito así o indican.

Resumo materiais:

Cerámica	51
Metal bronce	1

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2035
está por riba de	UE2182



N

181.74

181.84

181.62

0.5

Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2072

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Depósito
Contexto:	Destrución	GE:	GE2017

Descrición:

Depósito composto por tella, terra orgánica e carbóns mesturado con algunhas pedras de mediano tamaño, se cadra procedentes do derrubo da estructura rexistrada como UE2022.

Interpretación:

Nivel de queimado baixo a UE2014, de características semellantes excepto que está máis compactado. Podemos estar ante o momento inicial do episodio de destrución do castelo.

Resumo materiais:

Cerámica	112
Lítico	1
Metal bronce	3
Metal ferro	15

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2014
está por riba de	UE2077



N

0.4

Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2073

Tipo:	Estrutura	Estrutura:	Pavimento
Contexto:	Ocupación	GE:	GE2017

Descrición:

Depósito disposto horizontalmente e composto por xabre apisoado e anacos de tella. De compactidade alta no seu tramo superior, diminuíndo conforme se avanza na súa escavación, momento no que se recuperaron un fuste e un fragmento de pía.

Interpretación:

Pola súa compactidade e composición semella tratarse dun pavimento, alomenos na súa parte superior. A inferior, máis branda, pode tratarse do preparado de dito pavimento.

Resumo materiais:

Cerámica	244
Indeterminado	10
Lítico	5
Metal ferro	30
Vidro	43

Relacións estratigráficas:

está coberto por	UE2077
cobre a	UE2078



N

182.48

182.52

182.48

182.56

182.47

182.33

182.41

182.35

182.49

182.53

182.58

0.4

Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2074

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Depósito
Contexto:	Ocupación	GE:	GE2011

Descrición:

Depósito de terra moi orgánica, con poucas pedras, documentado na base da liza. Trátase dun depósito xa escavado parcialmente en campañas anteriores.

Interpretación:

Posiblemente este depósito se formase tras a escavación da liza, en campañas previas. Como o depósito xa fora escavado parcialmene, non podemo asegurar este extremo. De feito temos que recoñecer unha segunda probabilidade, cal é que esteamos ante o momento de uso da liza durante a súa construción e antes do seu recheo.

Resumo materiais:

Cerámica	3
Lítico	2

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2280
está por riba de	UE2360


N
177.76
177.97
177.92
177.85
177.72
177.93
177.99
178.05
178.09
177.9
177.93
177.93
177.85
177.88
177.79
177.9
177.88
177.89
177.87
177.89
177.84
177.96
177.83
177.89
177.89
177.91
177.94
1
Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2075

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Depósito
Contexto:	Destrución	GE:	GE2001

Descrición:

Argamasa de xabre con abundantes carbóns localizada sobre a alma dun sector do muro NW da torre da homenaxe. A estensión do depósito excede lixeiramente a da alma do muro cara ao E. A súa superficie é horizontal.

Interpretación:

O depósito non só integra o xabre da alma do muro da torre da homenaxe, senon tamén moitos carbóns, o que nos fai pensar que foi formado cando o derrube da torre, mais antes do abandono do lugar. De feito poderiamos estar ante os restos da técnica empregada para o derrubo dos muros segundo as fontes documentais. Así os carbóns serían os restos do entibado provisional que se instalaba nos recantos dos muros (estamos nun deles) para que logo, ao ser queimados, cederan e arruinaran a construcción.

Resumo materiais:

Metal ferro	1

Relacións estratigráficas:

está por riba de	UE2028
está por riba de	UE2118
está por debaixo de	UE2283



N

184.07

184.06

184

184.06

0.3

Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2076

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Sen datos
Contexto:	Construción	GE:	GE2001

Descrición:

Depósito composto por xabre amarelo ben compactado, pedras e tizóns, que se dispón como alma ou recheo do muro NW da torre da homenaxe. Sobresae notablemente da cota á que se conservou algún perpiaño do paramento da torre. Conserva maior altura na banda leste, decrecendo caraao oeste ate cáseque desaparecer. Unha vez foron extraídos os perpiaños deste muro, durante o seu espolio, esta estrutura quedóu en resalte por non albergar perpiaños ou outros materiais construtivos de valor.

Interpretación:

Recheo ou alma do muro NW da torre da homenaxe.

Resumo materiais:

Cerámica	7
Lítico	1
Metal ferro	7
Vidro	1

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2004
está por riba de	UE2115
está por riba de	UE2118



N

183.76

183.88

183.97

0.25

Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2077

Tipo:	Estrutura	Estrutura:	Pavimento
Contexto:	Ocupación	GE:	GE2017

Descrición:

Depósito composto por xabre compactado. Presenta forma rectangular e está adosado á estrutura UE2022 polo leste e á cara interna da muralla polo oeste. A súa superficie é horizontal, dispoñéndose non por toda a superfie da sondaxe, senón só no seu extremo sur.

Interpretación:

Fragmento de posible pavimento disposto ao pé da muralla neste sector.

Resumo materiais:

Cerámica	25
Metal ferro	4

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2072
cobre a	UE2073



N



0.25

Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2078

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Sen datos
Contexto:	Ocupación	GE:	GE2017

Descrición:

Depósito medianamente compactado composto por xabre e tella. Os fragmentos de tella son pequenos. Ocupa a totalidade da área escavada. Preseneta buzamento caraao norte. Recupéranse no seu interior un conxunto amplo e diverso de materiais (como cravos, puntas de frecha e numerosos bolaños).

Interpretación:

Depósito complexo de gran potencia e moi rico en materiais. Temos obxectos vinculados a un episodio de destrución pero tamén estamos ante un pavimento de uso, como atestiguan a presenza de moedas ou de puntas de frecha.

Resumo materiais:

Cerámica	231
Indeterminado	44
Lítico	21
Metal bronce	2
Metal ferro	91
Vidro	118

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2073
está por debaixo de	UE2080
está por riba de	UE2088
está por riba de	UE2089
está por riba de	UE2090
está por riba de	UE2091



N

182.31

182.4

182.36

182.35

182.56

182.33

182.45

182.45

182.32

0.4

Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2079

Tipo:	Estrutura	Estrutura:	Pavimento
Contexto:	Ocupación	GE:	GE2011

Descrición:

Estructura composta por un nivel de xabre amarelo moi compactado e pequenos anacos de tella e pedriñas. Está disposto sobre o espazo que aquí ocuparía a liza, entre o afloramento e a cara externa da falsabraga. A súa superficie é chan, e disponse sobre o recheo da falsabraga.

Interpretación:

Superficie de paso sobre a liza, no recanto SW do torreón rectangular SE. Disponse sobre a liza, e ten a morfoloxía dun pavimento. Ademáis completa un rebaixe no afloramento que puidera complementar un espazo para o paso.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2047



N

179.81

0.3
Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2080

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Depósito
Contexto:	Sen datos	GE:	GE2017

Descrición:

Depósito de xabre medianamente compactado, sen pedras, que se estende sobre a UE2078 á altura da muralla. Presenta un lixeiro buzamento cara ao W. Disponse sobre a UE2078 (solo e/ou proposto para solo) e un conxunto de bolaños.

Interpretación:

Parte da derruba da muralla, como indica a súa composición xabrenta e ausencia de materiais, así como a súa posición estratigráfica, baixo a derruba principal (UE2013) e sobre o nivel de ocupación (UE2078).

Resumo materiais:

Cerámica	17
Indeterminado	5
Lítico	1
Metal bronce	1
Metal ferro	11

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2013
está por riba de	UE2078



N

182.84

182.77

182.7

182.53

182.62

0.3

Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2081

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Solo
Contexto:	Ocupación	GE:	GE2012

Descrición:

Depósito composto basicamente por pequenos fragmentos de tella e terra orgánica, dispostos cunha compactación media e buzamento caraao W (ó favor da pendente que forma o desnivel entre a torre da homenaxe e as estancias adosadas á muralla). Esténdese entre o muro rexistrado como UE2082, e a grada de pedra na banda W da torre da homenaxe, polo que ten unha planta rectangular co eixo maior caraao NE.

Interpretación:

Posible nivel de ocupación e abandono do castelo ao pé da torre da homenaxe. Disponse baixo o derrube UE2037. Ten a mesma composición que outros depósitos de contacto entre os derrubes e os niveis de ocupación.

Resumo materiais:

Cerámica	189
Metal bronce	9
Metal ferro	37
Orgánico	3

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2082
está por riba de	UE2083
está por riba de	UE2084
está por riba de	UE2204



N

182.19

182.14

182.25

182.15

182.21

182.15

182.17

182.1

182.14

182.02

181.98

182.07

0.3

Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2082

Tipo:	Estrutura	Estrutura:	Muro contención
Contexto:	Destrución	GE:	GE2013

Descrición:

Estructura composta por unha aliñación de pedras, cunha altura máxima de 3 fiadas, adosada parcialmente a unha oquedade na cara oeste da estructura escalonada da cara oeste da torre da homenaxe. Está adosada á oquedade no extremo NL, separándose gradualmente desta cara ao SW. Factura pobre, de cachotes, e unha soa cara vistaao exterior non moi ben acabada.

Interpretación:

Estamos ante outra das estructuras tipo muro de contención realizadas dende logo despois da vida útil do castelo. Aínda que semella ser unha estructrua de contención relacionada co ordeamento do espolio do castelo, neste caso estamos ante unha estructura que enche, e non sabemos se intenta reparar, parte da grada da torre da homenaxe, polo que non podemos descartar que esteamos ante un intento pouco afortunado de reutilización das defensas do castelo.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2037
cobre a	UE2081


N
182.92
182.77
182.52
182.13
182.71
182.79
182.79
182.62
182.44
182.5
182.64
182.55
0.3
Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2083

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Depósito
Contexto:	Destrución	GE:	GE2012

Descrición:

Depósito composto por sedimento grisáceo e pedriñas, disposto con buzamento a favor da pendente, caraao SW. Compactación mediana. Disponse, no seu extremo, baixo o depósito UE2081, e na súa zona S, directamente baixo o derrube UE2037.

Interpretación:

Este depósito disponse parcialmente baixo o derrube das estructuras e, parcialmente, baixo o depósito de abandono UE2081. Polo tanto, nada fai pensar noutra cousa que estamos ante un novo nivel de destrucción/abandono do castelo.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está por riba de	UE2025
está por debaixo de	UE2081

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2084

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Solo
Contexto:	Destrución	GE:	GE2012

Descrición:

Depósito de terra marrón clara compactada, con escasas pedriñas, disposto cunha superficie bastante uniforme máis que con buzamento caraao W, seguindo a pendente entre a torre da homenaxe e as estancias adosadas á muralla. Recupéranse no seu interior materiais arqueolóxicos como cravos e fragmentos cerámicos.

Interpretación:

Este depósito sitúase baixo o nivel de tella e terra UE2081, mais tamén do muro posterior á destrución do castelo UE2082. Tendo en conta ademais a presenza de abondosos materiais arqueolóxicos, aquí poderíamos estar ante parte dos niveis de destrución do castelo. De non ser así, poderiamos estar ante un nivel de recheo antigo, deixado á vista polo arrasamento provocado polo espolio do castelo.

Resumo materiais:

Cerámica	14
Indeterminado	2
Lítico	1
Metal ferro	5

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2081

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2085

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Depósito
Contexto:	Abandono	GE:	GE2015

Descrición:

Depósito de cor marrón con abondosa tella. Superficie uniforme e moi horizontal. Disponse baixo o murete rexistrado como UE2086. Recupéranse diversos materiais arqueolóxicos no seu interior. Localízase, illado e en resalte, no extremo L do exterior NL da torre da homenaxe. Ten planta alongada, replicando a planta do murete que se levanta sobre el.

Interpretación:

Posiblemente esteamos ante un resto illado do nivel de abandono do castelo, similar a outros documentados no contorno dos sectores 4 e 6, baixo o que se desenvolvían niveis de ocupación do castelo. Esta interpretación obedece tanto á composición do depósito, con abundante tella, como á cota á que se localiza, elevada más de 30 centímetros sobre o contorno. Deste xeito, o seu contorno sería rebaixado durante o espolio do castelo, ao igual que nos sectores 4 e 6.

Resumo materiais:

Cerámica	8
Lítico	1

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2004
está por riba de	UE2086

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2086

Tipo:	Estrutura	Estrutura:	Muro
Contexto:	Destrución	GE:	GE2013

Descrición:

Estrutura formada por unha aliñación de 14 pedras dispostas ata en 3 fiadas de altura, e unha soa fiada en planta. Os bloques moi irregulares están trabados a óso e cun encaixe moi pobre. Entre os bloques consérvase parte de UE2087, ata unha cota máis elevada que no seu entorno.

Interpretación:

Amoroamento ordeado de pedras que non chega a conformar un muro e non delimita nin contén nada. Probablemente teña que ver co ordeamento do espolio de pedra do castelo.

Resumo materiais:

Cerámica	3

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2085
cobre a	UE2087



N

183.11

183.4

183.17

183.36

0.4

Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2087

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Depósito
Contexto:	Ocupación	GE:	GE2015

Descrición:

Depósito composto por terra marrón e tella, medianamente compactado, e con achados cerámicos de cronoloxía medieval. Atópase illado e deixado en resalte, baixo o muro rexistrado como UE2086.

Interpretación:

Restos do nivel de ocupación medieval do castelo no exterior NL da torre da homenaxe.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2086
está por riba de	UE2264



N

182.91

182.85

182.84

182.84

182.85

182.88

0.5

Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2088

Tipo:	Estrutura	Estrutura:	Pavimento
Contexto:	Ocupación	GE:	GE2017

Descrición:

Depósito composto de xabre ou terra moi compactada segundo o lugar, esténdese por toda a sondaxe salvo no extremo S e na esquina SE, e presenta unha disposición bastante horizontal. Ten moi pouca tella e pedriñas. Non se aprecia gran cantidade de materiais arqueolóxicos.

Interpretación:

Pavimento correspondente a un penúltimo momento de ocupación na sondaxe realizada na banda SW da estrutura UE2022.

Resumo materiais:

Cerámica	3
Metal ferro	7

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2078
cobre a	UE2089
cobre a	UE2090
cobre a	UE2111
cobre a	UE2112



N

182.33

182.31

182.23

182.32

0.6

Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2089

Tipo:	Corte	Estrutura:	Foxa
Contexto:	Ocupación	GE:	GE2017

Descrición:

Corte de planta circular e base plana, paredes primeiro rectas e logo inclinadas. Está feito nun depósito (2088) horizontal. Estaba recheo polo depósito superior (2078). Presenta algunha pedra na parede.

Interpretación:

Foxa de funcionalidade indeterminada, cuberta polo sedimento do nivel superior. Pódese relacionar coa foxa rexistrada como UE2090.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2078
está coberto por	UE2088



N

182.14

182.1

182.2

0.25

Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2090

Tipo:	Corte	Estrutura:	Foxa
Contexto:	Ocupación	GE:	GE2017

Descrición:

Corte de planta ovalada, paredes rectas e base plana. Asoman algunhas pedras nas paredes. Estaba recheo pola UE2078.

Interpretación:

Corte de funcionalidade incerta, na medida na que está recheo do depósito superior que cobre toda a sondaxe. Non imaxinamos polo tanto unha funcionalidade específica para este burato. Pódese relacionar coa foxa rexistrada como UE 2089, practicada ao mesmo nivel.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2078
está coberto por	UE2088



N

182.06

182.08

182.15

0.25

Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2091

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Fogar
Contexto:	Ocupación	GE:	GE2017

Descrición:

Depósito de planta circular composto por terra marrón pouco compactada, onde aparecen carbóns e cinzas además dalgunhas pedras ou pedriñas e anaquiños de tella. Abundantes restos cerámicos e metálicos. Aparecen manchiñas de terra rubefactada. Depóisto moi horizontal, delimitado polo que semella un corte para facer unha fosa no pavemento (UE2088).

Interpretación:

Recheo de lixo da foxa UE2092.

Resumo materiais:

Cerámica	50
Metal ferro	12



Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2078
está por riba de	UE2092


N
182.12
182.05
182.04
0.04
Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2092

Tipo:	Corte	Estrutura:	Fogar
Contexto:	Ocupación	GE:	GE2017

Descrición:

Corte de planta oval con eixo maior en dirección NW e base irregular. A sección é pouco profunda e plana, non supera os 8 cms. Presenta caraao W o borde rubefactado. As paredes son bastante rectas. O depósito que o enchía estaba formado por carbóns, cinzas, tellas e pedriñas.

Interpretación:

Corte posiblemente relacionado cunha fogueira.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

corta a	UE2088
está por debaixo de	UE2091



N



0.3

Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2093

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Derrubo
Contexto:	Espolio	GE:	GE2022

Descrición:

Depósito composto por bloques algo regulares, mesmo perpiaños nalgún caso, de tamaño superior a 40 cm. Disponse sen un buzamento que indique que veña do muro veciño. Apenas había terra entre as pedras, moi dispersa, e cascallo. Case non aparecen materiais arqueolóxicos e deles a maioría eran modernos.

Interpretación:

Amoreamento de perpiaños e cachotes organizado sobre un corte preexistente e disposto ao longo da entrada. Está vinculado ao episodio de espolio do castelo.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está por riba de	UE2026
está por debaixo de	UE2043



N

182.49

182.55

182.74

182.95

182.96

182.94

0.5

Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2094

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Depósito
Contexto:	Abandono	GE:	GE2017

Descrición:

O depósito de planta moi irregular que descansa sobre o afloramento rochoso. Ten unha forte compoñente orgánica e pedriñas. Compactación media.
UE illada no extremo W do sector 3.

Interpretación:

Depósito xerado recentemente tras as escavacións arqueolóxicas feitas antes do 2009. Esta interpretación apóiase na súa composición orgánica e posición estratigráfica, baixo a capa vexetal (actualmente) é o afloramento.

Resumo materiais:

Cerámica	90
Lítico	2
Metal bronce	1
Metal ferro	5
Orgánico	1

Relacións estratigráficas:

está por riba de	UE2109



N

181.67

181.63

181.56

181.73

181.54

181.58

181.58

181.59

181.43

181.18

181.55

181.52

0.9

Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2095

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Depósito
Contexto:	Abandono	GE:	GE2023

Descrición:

Depósito amarelento medianamente compactado baixo a capa vexetal. Atópase no extremo W do sector, con forma ovalada e alongada, en dirección N. A súa superficie é bastante irregular. Presenta algunhas pedras pequenas, aínda que a marioría do depósito é xabrento ou areoso.

Interpretación:

Nivel de revolto, relacionado co espolio moderno documentado como UE2177. Pola súa posición estratigráfica sobre esta última UE, consideramos que estamos ante un depósito de revolto.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2020
está por riba de	UE2177



N

182.22

182.25

182.16

182.15

0.6

Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2096

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Depósito
Contexto:	Construción	GE:	GE2012

Descrición:

Depósito composto por sedimento grisáceo claro, con abondosos restos de cunchas de ostra cunhas dimensións aproximadas de 3 metros de longo (en dirección L-W) e 2 metros de anchura. Localízase na banda SW do inmediato exterior da torre da homenaxe, aínda sobre a posible grada sobre a que se ergue. Compactación baixa. Non se recuperan materiais arqueolóxicos no seu interior.

Interpretación:

A composición do depósito, inorgánico e con abondosos restos de ostra, e a súa situación, fan pensar que estamos ante restos de parte do derrube rexistrado como UE2009, en concreto restos da argamasa das estruturas.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2037

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2097

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Derrubo
Contexto:	Destrución	GE:	GE2017

Descrición:

Depósito composto por bloques de pedra de entre 10 e 40 cms, angulosos, dispostos desordeadamente. Ten un buzamento claro caraao SL, seguindo a pendente dende o interior do torreón cadrado NL cara á falsabraga. Documéntanse no seu interior, tamén desordeadamante, abondosos materiais metálicos, cerámicos e líticos. Os bloques están mesturados, en menor medida, cun sedimento pouco orgánico e tella.

Interpretación:

A composición e posición estratigráfica deste derrube é a mesma que a do derrube rexistrado como UE2029, co que entra en contacto cara ao SW. De feito, poderiamos equiparar ambos de non ser porque existe a posibilidade de que este sector do derrube proveña doutras estruturas.

Resumo materiais:

Cerámica	51
Lítico	11
Metal ferro	7
Orgánico	1

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2000
está cortado por	UE2030
está por riba de	UE2209
está por riba de	UE2235


N
182.66
182.6
181.94
182.49
182.68
182.41
182.53
0.9
Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2098

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Depósito
Contexto:	Espolio	GE:	GE2022

Descrición:

Depósito composto de terra marrón ou marrón escura e tella. Sitúase, con planta oval, dentro do que sería a entrada do castelo. Consérvase só nun espazo de 3m x1m aproximadamente.

Interpretación:

A posición estratigráfica é a mesma que a da UE2050, polo que, tendo en conta que semella dispoñerse sobre un pavimento cortado polo espolio, como noutros lugares do castelo, podemos estar ante un resto do nivel de espolio do castelo, se cadra mesturado con restos do nivel de ocupación.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2043

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2099

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Depósito
Contexto:	Abandono	GE:	GE2023

Descrición:

Depósito composto maioritariamente por fragmentos de tella medianos e terra moi orgánica. Disponse cunha superficie moi horizontal, e unha composición homoxénea. Obsérvase inicialmente só no perfil das escavacións da USC que limitan caraao NW o sector 4 de escavación. Posteriormente obsérvase que o depósito apenas se conservaba no perfil, estando o resto do depósito destruído por unha escavación furtiva.

Interpretación:

Nivel de destrución e abandono do castelo. Así o indica a abondosa tella, o feito de que se sitúa baixo un depósito de revolto moderno, e que baixo del se desenvolve unha matriz endurecida da UE2100 que si pode ser un nivel de ocupación do castelo. Na banda NL do depósito, baixo del, esta interfaz endurecida substitúese por pequenos restos de niveis de ocupación.

Resumo materiais:

Cerámica	13
Metal ferro	10

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2000
está por riba de	UE2100
está cortado por	UE2193
está por riba de	UE2197
está por riba de	UE2286



N

182.12

182.12

182.17

182.26

182.17

182.15

182.09

182.18

0.4

Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2100

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Depósito
Contexto:	Ocupación	GE:	GE2023

Descrición:

Podemos definir este nivel como un depósito de terra marrón grisácea extraordinariamente limpo e seleccionado, sen apenas pedras nin material arqueolóxico, disposto cunha planta bastante horizontal na banda SW (conservada) do sector 6 de escavación. A súa superficie está endurecida, como cabería esperar dun solo de ocupación.ao igual que a UE2099 e UE2101, disponse só nunha estreita banda, sendo arrrasado no resto da área por unha escavación furtiva.

Interpretación:

Nivel de recheo e uso orixinal do castelo. Respalda esta idea que se sitúe directamente baixo o nivel de tella (derrube e abandono) UE2099, o feito de que sexa un nivel homoxéneo e limpo, á maneira dun recheo intencionado, e que baixo delse desenvolva outro recheo moi semellante (UE2101). A interfaz endurecida que é a súa superficie tamén respalda esta idea.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2099
está por riba de	UE2101



N

180.53

180.55180.55

180.59

180.45

180.74

180.35

180.46

0.5

Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2101

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Depósito
Contexto:	Construción	GE:	GE2023

Descrición:

Depósito de terra márrón grisácea máis escura que a da UE2100, que se ubica xustamente por riba. Moi homoxénea en canto á súa composición, sen apenas pedras nin materiais arqueolóxicos. Superficie moi horizontal. Compactación alta.

Interpretación:

Recheo orixinal disposto para a construcción do castelo. Sitúase baixo outro recheo semellante (UE2100). É sobre este último sobre o que se desenvolven as estructuras e os niveis de ocupación medievais do castelo.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2100
está por riba de	UE2102

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2102

Tipo:	Estrutura	Estrutura:	Muro
Contexto:	Espolio	GE:	GE2023

Descrición:

Muro de contención dunha soa fiada de pedras de anchura, disposto no extremo SL do sector 6. O muro contén os depósitos UE2099, UE2100, UE2101. Está composto por perpiaños moi irregulares, e mesmo fragmentos de fustes de columna. Disponse en sentido NW-SL.

Interpretación:

Muro de contención levantado durante o espolio do castelo. Está a reter, de xeito tosco, os recheos UE2100 e UE2101, e además incorpora como material de construcción fustes de columna reaproveitados. Sería, xa que logo, realizado tras perforar os niveis de ocupación e recheo do castelo orixinal. Puidera ter servido para liberar o espazo entre el e a muralla SW, facilitando así o seu espolio.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

cobre a	UE2069
está por debaixo de	UE2101
está por debaixo de	UE2103


N
181.19
0.02
Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2103

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Derrubo
Contexto:	Espolio	GE:	GE2023

Descrición:

Depósito integrado por un conxunto de bloques de pedra irregulares, de entre 10 e 40 cms de tamaño. Apenas amosa sedimento entre as pedras. Disponse apoiado no muro de contención UE2102. Está cortado pola sondaxe practicada no pasado pola USCao NW do sector 6.

Interpretación:

Aparentemente estamos ante un derrubo do muro de contención rexistrado como UE2102. Porén, tendo en conta a fraxilidade daquel muro (dunha soa fiada de alto) nos inclinamos por pensar que en realidade estamos ante un amoreamento de pedras dispostas sobre o muro de contención, amoreamento constituído por materiais de construción desbotados durante o espolio do castelo. Esto estaría en consonancia co que ocorre no resto do sector 6.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está por riba de	UE2102
está por debaixo de	UE2170


N
180.94
0.03
Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2104

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Depósito
Contexto:	Construción	GE:	GE2017

Descrición:

Depósito moi orgánico, con algúns carbóns e pequenos fragmentos de tella. Ten planta irregular, alongada cara ao NL. Disponse entre a estrutura de pedriñas e xabre que centra este espazo entre a torre da homenaxe e a muralla, e o corte de espolio fronte á muralla. De feito está centrada por este corte.

Interpretación:

Posible nivel de destrución/ocupación. Comparte posición estratigráfica e composición coa UE2289.

Resumo materiais:

Cerámica	28
Metal ferro	4
Vidro	1

Relacións estratigráficas:

está por riba de	UE2224
está por debaixo de	UE2261

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2285

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Solo
Contexto:	Ocupación	GE:	GE2023

Descrición:

Depósito composto de terra negra de gran moi fino, moi plástica e de compactación media. Vén acompañado de carbóns, cerámica e ferros. No seu extremo NL ten unha maior profundidade e presenta rubefacción. Cobre a un nivel de pedras planas que semellan formar unha estrutura.

Interpretación:

Nivel de uso do pavimento / enlousado inferior UE2288.

Resumo materiais:

Cerámica	32

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2055
está por riba de	UE2288

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2286

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Solo
Contexto:	Ocupación	GE:	GE2023

Descrición:

Depósito de xabre pouco compactado, cortado pola fosa de espoliación e mais a sondaxe da USC ao S e N. Localízase baixo un nivel de tella pouco compactada UE2099 e sobre a interfaz endurecida de UE2100. Xusto por riba deste depósito temos materias contemporáneos (plástico).

Interpretación:

Posible nivel de uso do último momento de ocupación do castelo, baixo a derruba de tella deste.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2099
está por riba de	UE2287



ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2287

Tipo:	Estrutura	Estrutura:	Pavimento
Contexto:	Ocupación	GE:	GE2023

Descrición:

Interfaz endurecida de UE2100, na súa superficie superior, horizontal, situada baixo o nivel de xabre da UE2286. Ocupa a práctica totalidade da sondaxe. Non se recuperan materiais no seu interior. É unha interfaz moi limpa e homoxénea.

Interpretación:

Nivel de ocupación sobre o recheo UE2100. É en realidade unha interfaz endurecida da UE2100, sobre a que se estende unha capa de xabre UE2286.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

cobre a	UE2100
está por debaixo de	UE2286

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2288

Tipo:	Estrutura	Estrutura:	Pavimento
Contexto:	Ocupación	GE:	GE2023

Descrición:

Pavimento construído en xabre e arxila ben compactados, con algúns carbóns, disposto sobre un posible resto de solo de lousas rexistrado como UE2300. Recupéranse no seu interior restos cerámicos. Adósase á cara NW do muro UE2069, conservándose só nunha estreita franxa de non mais de 30 cms. Está cortado cara ao NW polo que semella un corte realizado durante o espolio do castelo.

Interpretación:

Pavimento de xabre parcialmente rubefactado, disposto sobre un posible enlousado (UE2300) ao pé da cara NW do muro UE2069. Podemos estar ante o pavimento do derradeiro momento de uso deste espazo, pois está baixo un nivel de carbóns (UE2085), que á súa vez se localiza baixo o depósito UE2055, que podemos clasificar como nivel de abandono e derrubo.

Resumo materiais:

Cerámica	5

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2285
cobre a	UE2300

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2289

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Depósito
Contexto:	Destrución	GE:	GE2017

Descrición:

Depósito orgánico con carbóns, fragmentos pequenos de tella e materiais. Disponse á beira N do que sería a zona de paso entre a muralla e a torre da homenaxe. Superficie bastante clara. Medianamente compactado. Cobre unha (aparentemente) fase construtiva da zona de paso entre a torre da homenaxe e a muralla.

Interpretación:

Posible nivel de destrución/ocupación sobre o primeiro momento constructivo do castelo.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está por riba de	UE2224
está por debaixo de	UE2261

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2290

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Depósito
Contexto:	Ocupación	GE:	GE2023

Descrición:

Depósito moi orgánico, de cor cáseque negra, con carbóns e escasos fragmentos cerámicos. Disponse ao pé da estrutura UE2069 de xeito irregular, e baixo o depósito UE2055. Pódese equiparar á UE2285.

Interpretación:

Aínda que o depósito amosa material moi orgánico e carbóns, a escaseza de materiais arqueolóxicos fainos pensar que estamos realmente ante un recheo para a preparación da UE2055.

Resumo materiais:

Cerámica	1

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2055
está por riba de	UE2291

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2291

Tipo:	Estrutura	Estrutura:	Pavimento
Contexto:	Ocupación	GE:	GE2023

Descrición:

Depósito composto por xabre e arxila moi compactados, nalgúns puntos, aparentemente, rubefactados por efecto do calor. Ten unha planta moi irregular, adaptándose á cara N da estrutura UE2069, grazas á cal se preservou. Está asociado a varias lousas que puideran funcionar con el como solo neste espazo.

Interpretación:

Solo deste espazo, asociado a varias lousas que aparecen nos seus extremos. A súa rubefacción pode obedecer a un incendio (sobre el aparece un pequeno nivel de carbóns).

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2290
limitado por	UE2297
está coberto por	UE2297

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2292

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Depósito
Contexto:	Ocupación	GE:	GE2023

Descrición:

Depósito composto por xabre e tella esnaquizada,situado ao N da estrutura UE2069, nun espazo rectangular pequeno, e a unha cota coincidente con outro nivel de uso ao pé da estrutura, a UE2055.

Interpretación:

A composición do depósito (xabre apelmazado e tella) coincide coa do nivel de ocupación UE2055, do que está separado por varias laxas de pedra que puideran formar parte do solo deste nivel de ocupación. A cota deste depósito é moi semellante á da UE2055.

Resumo materiais:

Cerámica	1
Metal ferro	1

Relacións estratigráficas:

está cortado por	UE2185
está por riba de	UE2293

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2293

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Depósito
Contexto:	Ocupación	GE:	GE2023

Descrición:

Depósito composto por terra orgánica, carbóns e restos de xabre. Apóiase no extremo NW da estrutura UE2069. Sitúase, sen apenas buzamento, baixo a UE2292, un nivel de xabre e tella medianamente compactado.

Interpretación:

Posible nivel de ocupación á vista do contido de carbóns e terra, e de que esta é moi orgánica. Certa cantidade de materias arqueolóxicos respaldan esta idea.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2292
está por riba de	UE2296

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2294

Tipo:	Estrutura	Estrutura:	Pavimento
Contexto:	Construción	GE:	GE2023

Descrición:

Lousa plana de granito, situada á cota do depósito UE2055. Ten unha lonxitude duns 50 cms, e un ancho de 30 cms. Disponse de xeito horizontal,ao pé da cara NW do muro UE2069, na súa banda NL.

Interpretación:

Lousa que puidera ter formado parte dun chan enlousado, desmantelado durante o espolio do castelo, e que aquí se conserva ao abeiro do muro UE2069. Non podemos descartar de todos os xeitos que esteamos ante parte do derrubo do muro citado, dado que se sitúa á cota dun depósito que podemos caracterizar como de contacto entre o derrube e o abandono deste espazo (UE2055). Ademáis a lousa está completamente illada.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está coberto por	UE2184
está por riba de	UE2297

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2295

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Depósito
Contexto:	Ocupación	GE:	GE2017

Descrición:

Depósito de terra marrón, tella e pedriñas moi compactadas, dispostas en forma de alas de bolboreta. Disponse ao NL do corte de espoliación da capela, que o interrompe. Baixo del documéntase un posible enterramento. Presenta un buzamento medio (5%) dirección S.

Interpretación:

Nivel de uso neste espazo, onde se documenta alomenos un enterramento. A súa compactación é elevada, moi distinta que a da terra que a cobre, e está composta por fragmentos máis pequenos de tella.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2261
está por riba de	UE2336

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2296

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Depósito
Contexto:	Ocupación	GE:	GE2023

Descrición:

Depósito negro moi orgánico, con abondosos carbóns, e unha textura plástica. Atópase baixo outro depósito tamén moi orgánico (UE2293). Recupéranse abondosos materiais arqueolóxicos. Non se aprezan restos de tella.

Interpretación:

Nivel de uso (non o derradeiro) neste espazo de contacto entre a muralla e a estrutura UE2069.

Resumo materiais:

Cerámica	69
Metal bronce	1
Metal ferro	1

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2293
está por riba de	UE2305

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2297

Tipo:	Estrutura	Estrutura:	Solo
Contexto:	Ocupación	GE:	GE2023

Descrición:

Estrutura composta por unha laxe alongada e pequenas manchas de xabre adosados a esta laxe. Disponse case sen buzamento e adosada á estrutura UE2069. Interrompe ao pavimento rubefactado.

Interpretación:

Parte do enlousado asociado á UE2055. Non desbotamos que sexa un pavimento inferior.

Resumo materiais:

Cerámica	19

Relacións estratigráficas:

cobre a	UE2195
adxacente a	UE2291
está por debaixo de	UE2294

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2298

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Depósito
Contexto:	Destrución	GE:	GE2015

Descrición:

Sedimento arxiloso, de cor amarela, que era parte da argamasa do muro UE2302, sobre o que se dispón e desborda un pouco cara ao NW. Apresenta anaquiños de tella e algunha pedriña no medio.

Interpretación:

Depósito equiparado a UE2358. Neste caso estamos ante o nivel superior da argamasa do cabanel 2 (UE2302), un pouco derramada fóra do muro.

Resumo materiais:

Metal ferro	1

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2050
está por riba de	UE2358

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2299

Tipo:	Estrutura	Estrutura:	Pavimento
Contexto:	Ocupación	GE:	GE2022

Descrición:

Estrutura dividida en 3 manchóns de xabre e materia orgánica moi compactados. Dispóñense de SE a NW ao longo do eixo de entrada pola porta do castelo. Atópanse sobre un nivel de tella machacada e terra medianamente compactado. Os fragmentos non superan os 30 cms.

Interpretación:

A posición estratigráfoca da estructura, baixo o que semella o nivel de destrucción do castelo neste punto (UE2098), e a cota á que se atopan, moi próxima á da ocupación medieval do muro UE2069, respaldan a idea de que esteamos ante restos moi fragmentarios do nivel de uso do castelo.

Resumo materiais:



Relacións estratigráficas:



N

182.66

182.58

182.58

182.56

0.25

Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2300

Tipo:	Estrutura	Estrutura:	Pavimento
Contexto:	Ocupación	GE:	GE2023

Descrición:

Estrutura composta por 3 lousas de granito de entre 30 e 70 cm, dipostas nun mesmo plano e apoiadas na cara norte da estrutura UE2069. Dispóñense á mesma cota que o pavimento de xabre rubefactado UE2291.

Interpretación:

Lousas que posiblemente formaran un solo ao norte da UE2069.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

cobre a	UE2069
cobre a	UE2205
está coberto por	UE2288
cobre a	UE2305

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2301

Tipo:	Estrutura	Estrutura:	Muro
Contexto:	Construción	GE:	GE2022

Descrición:

Estrutura consistente nunha aliñación de, na súa maioría, tizóns de pedra de máis de 60 cm de longo, disposta seguindo, aproximadamente, a mesma liña que a estrutura UE2069, que está á outra beira do camiño. Non presentaba estruturas sobre el, salvo a estrutura UE2228 moi basta, que en realidade está separada del por un paquete de terra.

Interpretación:

Cimentación dunha estrutura lineal que replicaría a esta banda do camiño de entrada a estrutura UE2069. Ten a mesma orientación e aliñación que éste.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:


N
182.21
182.36
182.35
182.16
182.11
182.27
182.03
182.01
182.22
181.89
182.2
182.11
181.99
182.18
181.98
182.04
182.07
0.4
Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2302

Tipo:	Estrutura	Estrutura:	Sen datos
Contexto:	Sen datos	GE:	GE2005

Descrición:

Estrutura rectangular, co seu eixo maior perpendicular ao eixo da estrutura UE2069, ao que se adosa á súa cara sur. Está construída cunha mestura de tizóns e doble careado con pedriñas de recheo no medio da estrutura. É posterior á UE2069 á que se adosa. O aparello e cachote presenta forma e tamaños diferentes.

Interpretación:

Indeterminada. En todo caso destrúese despois e a súa argamasa descansa sobre o pavimento UE2055.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

cobre a	UE2069
está por debaixo de	UE2359

N
182.51
182.32
182.43
182.26
181.7
181.98
181.57
181.68
181.39
181.77
181.69
181.65
181.66
181.68
0.25
Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2303

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Depósito
Contexto:	Ocupación	GE:	GE2022

Descrición:

Estrutura composta polo que semella unha interfaz endurecida da UE2100, cuberta de pequenos anacos de tella. Superficie horizontal, ao nivel doutros restos de ocupación na zona, como a UE2055. Presenta forma triangular e está interrumpida por varios cortes, se cadra producidos polas tarefas de espolio do castelo.

Interpretación:

Nivel de ocupación do derradeiro momento de uso do castelo.

Resumo materiais:

Metal bronce	1

Relacións estratigráficas:



N

182.63

182.61

182.65

182.59

0.4

Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2304

Tipo:	Corte	Estrutura:	espoliación
Contexto:	Espolio	GE:	GE2022

Descrición:

Corte practicado nos depósitos UE2303 e UE2100, en concreto na súa banda sur. É un corte de paredes inclinadas e base chan, cunha altura aproximada de 0,80 m. De resultas deste corte, o depósito UE2303 quedou como un pequeno resalte no medio desta zona.

Interpretación:

Corte ao sur da UE2303. Cremos que é un corte practicado durante o espolio do castelo, de resultas do cal aquí queda, aillado e preservado, en resalte, o depósito UE2303.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:



N

182.36

182.36

182.41

182.4

182.32

182.32

182.38

0.4

Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2305

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Depósito
Contexto:	Sen datos	GE:	GE2023

Descrición:

Terra arxilosa marrón roxiza, plástica, compactada e homoxénea.

Interpretación:

Nivel sobre o que está a UE2296, posible momento de ocupación sobre esta UE2305.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está por riba de	UE2069
está por debaixo de	UE2296
está por debaixo de	UE2300



N

182.13

182.13

182.12

182.08

0.4

Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2306

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Depósito
Contexto:	Abandono	GE:	GE2017

Descrición:

Depósito composto de terra grisácea algo orgánica, pedriñas e pequenos fragmentos de tella. Superficie regular, que segue a plataforma definida polas estrutras da zona.

Interpretación:

Nivel de abandono de estruturas deste sector. Situado sobre a estrutura UE2308.

Resumo materiais:

Cerámica	12

Relacións estratigráficas:


N
182.86
182.81
182.86
182.83182.83
182.83
182.75
182.8
182.7
182.81
182.69
182.76
182.77
182.71
182.84
182.79
182.78
0.8
Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2307

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Depósito
Contexto:	Natural	GE:	GE2017

Descrición:

Depósito rectangular, moi orgánico, no que aparentemente se escavou a cimentación UE2308.

Interpretación:

Nivel natural previo á construción da estrutura UE2308.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2308

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2308

Tipo:	Estrutura	Estrutura:	Sen datos
Contexto:	Construción	GE:	GE2017

Descrición:

Estrutura formada por 2 alineacións de pequenos bloques de pedra, que delimitan un conxunto de pequenos bloques de planta moi plana. Disponse entre o afloramento sobre o que se dispón a torre da homenaxe e a muralla. Acompáñase de xabre que funciona como argamasa.

Interpretación:

A interpretación do que semella unha estructura integrada polas estructuras UE2325, UE2324, UE2326 e UE2308 que é a que nos ocupa, é complicada. Ante a súa aparencia actual, poderíamos dicir que estamos ante os restos dun camiño. Porén, o seu estado de conservación é tan pobre, que non podemos descartar que esteamos ante os restos dunha ou varias estructuras de cimentación, ou de restos dun solo, que non un camiño. Na UE que nos ocupa, semella que o grao de alteración foi menor, polo que a súa cohesión estructural é maior, coas pedriñas ben trabadas xerando unha superficie sólida e uniforme.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

cobre a	UE2307
está por debaixo de	UE2327


183.34
183.16
183.22
N
182.86
182.88
182.81
182.89
182.79
182.78
182.8
182.85
182.7
1
Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2309

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Depósito
Contexto:	Sen datos	GE:	GE2022

Descrición:

Depósito composto por sedimento arxiloso de cor marrón grisácea, acompañada de pequenos fragamentos de tella. Compactación medio-alta. Planta alongada en sentido sureste-noroeste, aliñada co camiño de entrada. Abondosa tella no seu interior.

Interpretación:

Nivel de recheo para pavimentos superiores ou de uso anterior. Cómpre ter en conta que está a unha cota inferior que o solo UE2303. Non descartamos polo tanto que sexa material desperdigado durante o espolio, a unha cota baixa.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está cortado por	UE2311



N

182.29

182.39

182.41

182.41

0.4

Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2310

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Depósito
Contexto:	Sen datos	GE:	GE2022

Descrición:

As características deste depósito son as mesmas que as do depósito UE2309, coa que o podemos relacionar, en canto están tan só separadas por un corte no camiño, e mesmo a cota á que se dispoñen é a mesma.

Interpretación:

Nivel de recheo para pavimentos superiores ou de uso anterior. Cómpre ter en conta que está a unha cota inferior que o solo UE2303.

Resumo materiais:

Composto	1

Relacións estratigráficas:

está cortado por	UE2311


N
182.18
182.21
182.14
182.2
0.3
Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2311

Tipo:	Corte	Estrutura:	Sen datos
Contexto:	Sen datos	GE:	GE2022

Descrición:

Corte producido nun depósito agora partido en dous (UE2309 e UE2310), situado na entrada do castelo. Está recheado por un conxunto de bloques de pedra pequenas e medianas que inclúe un bolaño. Ten planta en forma de uve aberta co vértice cara ao interior do castelo.

Interpretación:

Corte para entullar o camiño de entrada ao castelo durante o seu espolio.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

corta a	UE2309
corta a	UE2310



N

181.97

182.12

0.3

Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2312

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Depósito
Contexto:	Sen datos	GE:	GE2022

Descrición:

Depósito composto por terra marrón grisácea moi compactada, sen materiais arqueolóxicos e con algunhas pedras soltas, cubre a parte central da entrada ao castelo.

Interpretación:

Terra marrón entre UE2026 e UE2310. Situado nos sectores 1 e 4.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está cortado por	UE2320



N

182.16

182.24

182.25

182.15

182.25

182.31

182.35

0.5

Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2313

Tipo:	Estrutura	Estrutura:	Entulleira
Contexto:	Construción	GE:	GE2022

Descrición:

Conxunto de pedras de pequeno e mediano tamaño, que incluía un bolaño mediano, que enche o corte documentado como UE2311. Disponse nunha superficie bastante horizontal.

Interpretación:

Amoreamento de pedras disposto para regularizar a superficie do solo nesta zona da entrada do castelo durante o espolio deste. Disponse no interior dun corte producido en niveis de ocupación do castelo, e semella que a súa única funcionalidade é manter en uso o firme da entrada do castelo. É un depósito pequeno, que non ten no seu entorno outros depósitos semellantes relacionables coa construcción ou ocupación do castelo.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:



N

182.39

182.17

182.22

0.3

Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2314

Tipo:	Corte	Estrutura:	Solo
Contexto:	Construción	GE:	GE2001

Descrición:

Corte practicado na rocha base, que habilita un espazo moi horizontal, sendo a súa forma escalonada en planta. O rebaixe non ten máis de 5 cms de profundidade, esitúase no espazo interno da torre da homenaxe, no seu recanto NW.

Interpretación:

Só podemos concretar que o corte habilita un espazo chan no interior da torre da homenaxe, pois os niveis arqueolóxicos fértiles situados nesta área foron arrasados.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2148


N
183.93
183.95
0.3
Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2315

Tipo:	Estrutura	Estrutura:	Cimentación
Contexto:	Construción	GE:	GE2001

Descrición:

Conxunto de pequenas laxes de granito, tomadas con argamasa e adheridas á rocha base, que dispoñen unha superficie horizontal dentro dun corte disposto na rocha para asentar os sillares do muro NL da torre da homenaxe. É un depósito altamente compactado

Interpretación:

Acabado e regularización da cimentación do muro NL da torre da homenaxe.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

rechea a	UE2121
está por debaixo de	UE2168
rechea a	UE2316


N
183.04
0.1
Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2316

Tipo:	Corte	Estrutura:	Cimentación
Contexto:	Construción	GE:	GE2001

Descrición:

Corte practicado na rocha base para cimentar os muros da parede externa da cara NL da torre da homenaxe. A súa profundidade é variable, de ate 40 cms. A súa planta e perfil son moi irregulares, en función das formas do afloramiento rochoso, aínda que seguindo claramente a aliñación da cimentación do muro.

Interpretación:

Banda NW do corte para a cimentación da cara externa do muro NL da torre da homenaxe.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

corta a	UE2027
está recheo por	UE2315


N
183.04
183.08
0.2
Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2317

Tipo:	Corte	Estrutura:	Cimentación
Contexto:	Construción	GE:	GE2001

Descrición:

Conxunto de tres cortes practicados no afloramento rochoso, en dirección SW-NL, e aliñados coa cara interna do muro SW da torre da homenaxe.

Interpretación:

Corte do substrato rochoso para asentar a cara interna do muro SL da torre da homenaxe.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está coberto por	UE2346


N
183.41
183.43
183.83
0.25
Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2318

Tipo:	Corte	Estrutura:	Cimentación
Contexto:	Construción	GE:	GE2001

Descrición:

Cortes practicados no afloramento rochoso, a cotas diferentes, en función da morfoloxía do afloramento. Están aliñados de acordo coa cara externa do muro SW da torre da homenaxe.

Interpretación:

Cortes no afloramento para encaixar os sillares da cara externa da torre da homenaxe na sua banda SL.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:


N
184.07
183.69
183.83
0.25
Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2319

Tipo:	Corte	Estrutura:	Cimentación
Contexto:	Construción	GE:	GE2017

Descrición:

Corte na rocha base, que discorre en dirección SW-NL, seguindo a traza do muro UE2033. Sitúase na banda SL do exterior da torre da homenaxe. Ten tamén a mesma anchura que o muro UE2033.

Interpretación:

Corte practicado para asentar sobre el o muro UE2033, aquí xa arrasado. Coincide en dimensións e orientación co que sería a continuación do muro.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está coberto por	UE2374
está coberto por	UE2375


N
183.21
0.25
Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2320

Tipo:	Corte	Estrutura:	Sen datos
Contexto:	Destrución	GE:	GE2022

Descrición:

Dous cortes no depósito 2312, de planta alongada, converxentes, dunha anchura de non máis de 10 cms, e unha profundidade de menos de 5 cms. Dispóñense de SE a NW, seguindo aproximadamente o sentido de entrada ao través da porta do castelo.

Interpretación:

Corte de rodeiras na porta do castelo. A súa posición estratigráfica, sobre un depósito cortado durante o espolio do castelo que á súa vez está baixo un murete de contención vinculado co espolio e abandono do castelo, fan pensar que estamos ante as pegadas do paso de carros empregados durante os traballos de espolio. Por outra banda é de agardar que o solo orixinal da porta do castelo estivera mellor arquitecturizado.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

corta a	UE2312



N

182.25

182.26

182.3

182.32

182.33

0.25

Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2321

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Depósito
Contexto:	Destrución	GE:	GE2016

Descrición:

Depósito integrado por carbóns, terra queimada e pedriñas, con non moitos fragmentos de tella. Disponse ao longo da banda NL (e sobre) a UE2165, cubrindo o seu extremo, e tapando o murete dunha soa cara UE2329. Estaba ateigado de materiais arqueolóxicos, e podemos clasificalo como un depósito moi compacto en área, aínda que de compactación mediana.

Interpretación:

Pensamos que estamos ante un nivel de queimado asociado coa destrucción do castelo. A cantidade de carbóns, e aextensión do depósito, invitan a pensar nisto. De feito estamos ante o nivel de queimado máis coherente e extenso do xacemento. Baixo del desenvólvense niveis de tella nos que tamén recuperamos abondoso material arqueolóxico, tendo tamén unha superficie moi horizontal.

Resumo materiais:

Cerámica	10
Metal ferro	9

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2009
está por riba de	UE2165


N
183.21
183.19
183.25
183.27
183.3
183.3
183.33
0.5
Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2322

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Sen datos
Contexto:	Construción	GE:	GE2017

Descrición:

Deposito de xabre situado na zona da estrutura UE2325, formando unha bolsada de cor amarela moi mineral e limpa, cunha forma moi irregular. Atópase a unha cota superior á da estrutura UE2325.

Interpretación:

A situación do depósito, e a cota a que o localizamos, máis elevada que a da estrutura UE2325, así como a sua composición, un xabre moi limpo e compactado, fan que descartemos que esteamos ante parte dun derrubo. Cremos que ten a coherencia suficiente para ter formado parte dunha capa de xabre uniforme, xa perdida, integrada na estrutura UE2325.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2224
está por riba de	UE2324
está por riba de	UE2325
está por riba de	UE2326
está por riba de	UE2334
está por riba de	UE2374
está por riba de	UE2375



N

0.2
Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2323

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Pavimento
Contexto:	Destrución	GE:	GE2016

Descrición:

Depósito composto por terra orgánica e tella en pequenos fragmentos, moi compactado. No seu interior documentamos concentracións de tella que mesmo semellan toscos pavimentos. A súa superficie é horizontal, con planta alongada en sentido SL-NW, adaptándose ao límite marcado polo murete dunha soa cara UE2329. Recuperamos no seu interior abondosos materiais cerámicos e metálicos.

Interpretación:

Posiblemente esteamos ante unha mestura entre pavimento e solo de ocupación arrasada e contaminada pola destrucción do castelo. A súa compactación é elevada, e disponse baixo o -aparentemente- nivel de destrucción UE2165. Ademáis no seu interior recuperamos unha cantidade de materiais moi importante.

Resumo materiais:

Cerámica	10
Metal chumbo	1
Metal ferro	5



Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2165
está por riba de	UE2329


N
183.19
183.21
183.27
183.24
183.29
183.23
183.28
183.31
183.3
0.5
Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2324

Tipo:	Estrutura	Estrutura:	Sen datos
Contexto:	Construción	GE:	GE2017

Descrición:

Estrutura composta por pedras pequenas dispostas nun plano horizontal, retidas a NW e SL por sendas aliñacións de pedras. Disponse a unha cota máis baixa que a estructura UE2308, que o limita cara ao leste. As pedras colocáronse sobre unha cama de xabre. Neste depósito a presenza de xabre é maior que na estructura UE2308, que lle dá continudade cara ao SW.

Interpretación:

A interpretación do que semella unha estructura integrada polas estructuras UE2308, UE2325, UE2326 e UE2324 que é a que nos ocupa, é complicada. Ante a súa aparencia actual, poderíamos dicir que estamos ante os restos dun camiño. Porén, o seu estado de conservación é tan pobre, que non podemos descartar que esteamos ante os restos dunha ou varias estruturas de cimentación, ou de restos dun solo, que non un camiño.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2322


N
182.57
182.5
182.44
182.46
182.19
0.1
Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2325

Tipo:	Estrutura	Estrutura:	Sen datos
Contexto:	Construción	GE:	GE2017

Descrición:

Depósito de xabre limpo, compactado, sen apenas materiais arqueolóxicos. Disponse, con planta alongada, entre dúas estructruas pétreas (UE2324 e UE2326) que interpretamos como os restos dun camiño ou solo. Entre o xabre podemos ver pedras pequenas, aínda que en menor cantidade que nas estructuras citadas.

Interpretación:

AA interpretación do que semella unha estructura integrada polas estructuras UE2308, UE2325, UE2326 e UE2324 que é a que nos ocupa, é complicada. Ante a súa aparencia actual, poderíamos dicir que estamos ante os restos dun camiño. Porén, o seu estado de conservación é tan pobre, que non podemos descartar que esteamos ante os restos dunha ou varias estruturas de cimentación, ou de restos dun solo, que non un camiño. Na UE que nos ocupa, semella que o grao de alteración foi moi elevado, polo que a súa cohesión estrutural é inferior, con menor presenza de pedras.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2322



N

182.48

182.43

182.18

182.4

182.44

182.4182.4

182.2

182.42 182.37182.37

182.42182.42

182.29182.29

182.39182.39

0.25

Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2326

Tipo:	Estrutura	Estrutura:	Sen datos
Contexto:	Construción	GE:	GE2017

Descrición:

Estrutura composta por un apretado conxunto de pedras disposto horizontalmente, cun recheo de sedimento arxiloso. A superficie das pedras é bastante regular. Disponse a unha cota algo superior á UE2325. Esta estructura é a que, en aparencia, remata ao SW o conxunto formado xunto coas estructuras UE2308, UE2324, UE2325.

Interpretación:

A interpretación do que semella unha estructura integrada polas estructuras UE2308, UE2325, UE2326 e UE2324 que é a que nos ocupa, é complicada. Ante a súa aparencia actual, poderíamos dicir que estamos ante os restos dun camiño. Porén, o seu estado de conservación é tan pobre, que non podemos descartar que esteamos ante os restos dunha ou varias estruturas de cimentación, ou de restos dun solo, que non un camiño. Na UE que nos ocupa semella que o grao de alteración foi moi elevado, polo que a súa cohesión estrutural é menor, con menor presenza de pedras.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2322


N
0.1
Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2327

Tipo:	Depósito	Estrutura:	espoliación
Contexto:	Espolio	GE:	GE2017

Descrición:

Depósito composto por bloques de pedra de pequeno e mediano tamaño, disposto con lixeiro buzamento SE, seguindo a pendente do terreo, semellando provir da estructura do posible camiño integrado por las UE2308 o UE2324.

Interpretación:

Derrubo, principalmente, da estructura UE2308, e mesmo doutras estructuras ubicadas máis ao NL.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está por riba de	UE2308


N
182.69
182.68
182.71
182.8
182.72
182.75
182.7
182.69
182.23
0.3
Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2328

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Depósito
Contexto:	Destrución	GE:	GE2017

Descrición:

Depósito de planta rectangular e superficie chan, composto por terra orgánica e abondosos carbóns, matriz arxilosa. É medianamente plástico. Ocupa un espazo deixado por cortes no afloramento, aproximadamente a 1,5 m ao leste da estructura UE2022. Precisamente a presenza desta estructrua pode ter posibilitado a conservación deste depósito. No seu interior recupéranse varios cravos. As súas dimensións son 80 cms no eixo maior, e 60 cm no menor.

Interpretación:

Indeterminada, máis aló de situar a súa orixe no episodio de destrución do castelo. O depósito, recordemos que con abondosos carbóns, sitúase inmediatamente baixo os niveis de destrución do castelo neste punto.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2261



N

182.4

182.36

182.37

182.31

0.2

Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2329

Tipo:	Estrutura	Estrutura:	Muro contención
Contexto:	Construción	GE:	GE2016

Descrición:

Estrutura que consiste nunha aliñación dunha soa fiada de perpiaños con cara só ao exterior. Disponse con orientación LSL - WNW. Ten unha soa fiada de altura. Retén a estructura de pedras UE2330, que puidera conformar unha superficie de regularización.

Interpretación:

Murete que contén a estructura de pedras UE2330. Ambos delimitan e regularizan a superficie dos depósitos UE2165 e UE2323. Semella que esta estructura conforma un amplo espazo chan rectangular no exterior NL da torre da homenaxe.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2323
cobre a	UE2330


N
183.34
183.16
183.16
183.08
0.5
Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2330

Tipo:	Estrutura	Estrutura:	Foxa
Contexto:	Construción	GE:	GE2016

Descrición:

Depósito composto por pedras angulosas de mediano tamaño e xabre compactado a xeito de argamasa. Adósase á cara interna do murete UE2329. Superficie moi horizontal e regular.

Interpretación:

Recheo interior dunha estrutura cuxo paramento externo é UE2329. A estructura semella que serviría para regularizar o chan dunha estancia ou patio.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está coberto por	UE2329
cobre a	UE2331


N
183.19
183.34
183.21
183.22
183.18
183.32
0.3
Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2331

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Foxa
Contexto:	Construción	GE:	GE2016

Descrición:

Depósito de planta rectangular, alongada, disposto na beira W do conxunto formado polos depósitos UE2329 e UE2330. A súa composición é orgánica, conferíndolle unha cor moi escura. Superficie horizontal.

Interpretación:

Recheo dun burato de cimentación sobre o que se levantou a estrutura composta polos depósitos UE2329 e UE2330. Está recheado pola mesma terra orgánica que se escavou para practicar a cimentación.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2330



N

182.95

182.98

183.09

0.25

Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2332

Tipo:	Estrutura	Estrutura:	Cimentación
Contexto:	Construción	GE:	GE2017

Descrición:

Estrutura composta por unha única lousa de granito de superficie completamente chan, disposta ao mesmo nivel que o que semella o solo natural orixinal do castelo nesta zona (UE2339). Ten forma alongada no sentido SW-NL Está rodeado dunha fina capa de xabre (UE2340).

Interpretación:

Lousa integrando a cimentación deste espazo do castelo, situado no interior do torreón rectangular SL. Non descartamos que esteamos ante un rebaixe no afloramento rochoso. A cota a que se sitúa é a mesma que o do solo natural do castelo.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

cobre a	UE2338
cobre a	UE2339
está por debaixo de	UE2342
está por debaixo de	UE2379



N

181.76

181.78

181.75

181.78

0.2

Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2333

Tipo:	Corte	Estrutura:	Enterramento
Contexto:	Ocupación	GE:	GE2017

Descrición:

Corte practicado no límite entre a UE2325 e a UE2324 para levar a cabo o enterramento 2. Pranta aproximadamente oval, co eixo maior orientado cara ao NW. Profundidade duns 35 cms. Estaba recheado polo depósito UE2336 e o cadáver UE2378. Base lixeiramente cóncava e paredes rectas, aínda que cunha planta irregular.

Interpretación:

Corte practicado para realizar o enterramento 2. Por desgracia, esta é a cota final do enterramento, sendo destruída toda a súa parte superior, onde puideramos ter documentado mellor as súas características. Está practicado na UE2325, no límite entre a estructura UE2324 e o corte de violación UE2030, sendo además cortado no seu extremo SL.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

corta a	UE2325
está recheo por	UE2336
está coberto por	UE2374
está coberto por	UE2375
está por debaixo de	UE2378



N

182.46

0.2

Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2334

Tipo:	Corte	Estrutura:	Foxa
Contexto:	Ocupación	GE:	GE2017

Descrición:

Corte practicado no depósito UE2325. Planta poligonal, cáseque rectangular, co eixo maior orientado cara ao NW. Base chan, con caída cara ao SL. O depósito que contiña era o mesmo que cubría toda a zona (UE2224).

Interpretación:

Corte practicado no límite entre a fosa de espoliación UE2030 e a estrutura UE2325. Aínda que pola súa morfoloxía e situación poderíamos pensar que estamos ante un novo enterramento, no seu interior non se documenta outra cousa que o mesmo depósito que cubría todo a área. (UE2224).

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2261
está por debaixo de	UE2322
corta a	UE2325



N

0.04

Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2336

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Enterramento
Contexto:	Funerario	GE:	GE2017

Descrición:

Depósito composto por terra grisáceo-marrón medianamente compactada, mesturada con pedras pequenas, que cobre o interior do corte no que se documenta o enterramento (UE2333). No seu interior recupéranse escasos materiais (un ferro). Ten un buzamento lixeiro cara ao SL, seguindo a pendente do terreo. Na súa base amósase algo máis compactada e sen pedriñas.

Interpretación:

Depósito que cobre o enterramento 2. Documéntase só no interior do corte que deu lugar a este enterramento. Non se recuperan apenas materiais no seu interior que puideran pertencer a un enxoval funerario. Isto encaixa co que acontece nos outros dous enterramentos, nos que tampouco documentamos enxoval, e que mesmo estruturalmente son enterramentos pouco estruturados.

Resumo materiais:

Metal ferro	1

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2295
rechea a	UE2333
está por debaixo de	UE2378



N



0.3
Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2337

Tipo:	Corte	Estrutura:	Foxa
Contexto:	Construción	GE:	GE2017

Descrición:

Corte practicado no afloramento, na banda leste do espazo ocupado polo corte de espoliación (UE2030) nesta área do interior do torreón rectangular da banda SL da muralla. É un corte recto e illado, orientado cara o NW.

Interpretación:

A interpretación é indeterminada, en tanto o corte non aparece asociado a ningunha outra estrutura, como cabe esperar ao ser esta zona arrasada por escavacións antigas.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2003



N

181.87

0.25

Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2338

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Depósito
Contexto:	Natural	GE:	GE2017

Descrición:

Depósito de alto compoñente orgánico, sen materiais arqueolóxicos apenas, disposto cunha superficie bastante horizontal na base da foxa de violación UE2030. Atópase na metade E desta foxa de espoliación. Morfoloxicamente é idéntica ao depósito UE2339, co que o podemos relacionar.

Interpretación:

Solo natural baixo o enterramento 3, e ocupando a metade E do fondo da foxa de violación no interior da torre rectangular SW. A súa posición estratigráfica, sobre o horizonte mineral, e as suas características (terra moi orgánica, sen materiais arqueolóxicos) respaldan esta idea. Porén, semella que o depósito foi regularizado durante a construción do castelo.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2332
está por debaixo de	UE2340


N
181.74
181.78
181.75
181.88
181.77
181.86
181.88
181.63
181.59
181.74
181.45
181.78
181.91
181.45
182.02
0.2
Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2339

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Depósito
Contexto:	Natural	GE:	GE2017

Descrición:

Depósito de idénticas características que a UE2338, e situado na mesma posición estratigráfica, só que na banda W da área ocupada pola foxa de escavación/espoliación rexistrada como UE2030. Disponse tamén dando lugar a unha superficie horizontal, aínda que os seus límites son irregulares, adaptados ao perímetro do corte UE2030, e á cara interna do torreón rectangular SL. O depósito non foi escavado ao considerarse solo natural previo á construcción do castelo.

Interpretación:

Solo natural orixinal ao W do interior do espazo internir do torreón rectangular SL da muralla, previo á construción do castelo. A súa composición e posición estratigráfica é igual o da súa UE veciña (UE2338), compartindo a composición orgánica e a ausencia de materiais.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2332
está por debaixo de	UE2340



N

181.46

181.52

181.49

181.41

0.4

Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2340

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Depósito
Contexto:	Construción	GE:	GE2017

Descrición:

Depósito de xabre limpo, amarelo, que rodea a lousa UE2332 formando unha fina banda. Non ten máis de 5 cm de anchura. A súa forma adáptase á da lousa que rodea.

Interpretación:

Pequeno depósito de xabre que rodea a laxe 2332. A relación entre ambas parece suxerir que estamos ante a superficie dunha cama de xabre sobre a que se depositou a laxe. A funcionalidade do conxunto é dubidosa. Se cadra, a de integrarse como cimentación de estruturas xa arrasadas polo espolio.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está por riba de	UE2338
está por riba de	UE2339
está por debaixo de	UE2342



N

181.73

181.72

181.73

181.75

0.2

Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2341

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Depósito
Contexto:	Destrución	GE:	GE2017

Descrición:

Depósito de xabre mesturado con materiais algo máis orgánicos, de compactación media, sen materiais arqueolóxicos asociados apenas. Disponse, con planta lixeiramente cóncava, na base do extremo E do burato de espoliación situado na cara interna do torreón rectangular SL da muralla do castelo.

Interpretación:

Nivel de revolto no extremo E do burato de espoliación ubicado na cara interna do torreón rectangular SL da muralla do castelo. Non ten coherencia estructural, nin apenas se recuperan materiais. Disponse sobre o -supoñemos- solo natural UE2338.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2104



N

181.44

181.34

181.43

181.44

181.44

0.3

Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2342

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Depósito
Contexto:	Construción	GE:	GE2017

Descrición:

Depósito de cor marrón clara con pedras pequenas, moi compactado, de planta irregular e certo buzamento cara ao L. Non semella estar relacionado con estructura ninguna. Disponse no interior da zona espoliada, ao L da estructura UE2022, directamente sobre o depósito UE2338 e UE2339, depósitos que son, en principio, o solo natural previo á construcción do castelo.

Interpretación:

Depósito relacionado posiblemente coa cimentación do castelo, en tanto se sitúas sobre o solo natural do momento de construción do castelo, e mesmo sobre o depósito no que se localiza o fondo do enterramento 3.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está por riba de	UE2332
está por riba de	UE2340
está por debaixo de	UE2379



N

181.66
181.61
181.54
181.61
181.71

0.3
Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2343

Tipo:	Estrutura	Estrutura:	Muro
Contexto:	Construción	GE:	GE2017

Descrición:

Estrutura composta por unha dobre fiada de perpiaños, da que apenas se conservan dúas fiadas en altura. Disponse directamente sobre o afloramento, á beira W da saída norte da sala 1, en paralelo ao muro UE2033. Está illado, entre varios pavimentos.

Interpretación:

Muriño case arrasado no extremo W do espazo 4, entre pavimentos e sobre o afloramento. Non podemos aventurar a súa funcionalidade, ao estar illado e tapado directamente polos derrubes. Non obstante, non podemos descartar, á vista de que comparte cota cos pavimentos anexos, que fora xa amortizado no derradeiro momento de ocupación co castelo.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

cobre a	UE2104



N

181.59

181.65

181.64

181.58

181.47

181.34

0.4

Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2344

Tipo:	Corte	Estrutura:	Burato de poste
Contexto:	Ocupación	GE:	GE2015

Descrición:

Corte de planta lixeiramente oval, irregular, de paredes verticais e base chan. Estaba enchido polo mesmo sedimento que cobre a totalidade da zona (UE2252).

Interpretación:

Posible burato de poste situado no exterior N da torre da homenaxe. Porén, está enchido co mesmo material que o rodea, que podemos relacionar co momento de destrucción e espolio do castelo, polo que é tamén moi probable que este burato fose practicado durante o espolio do castelo, se cadra para erguer unha estructura que axudara na desmontaxe da torre da homenaxe.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

corta a	UE2252
está por debaixo de	UE2351

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2345

Tipo:	Estrutura	Estrutura:	Sen datos
Contexto:	Construción	GE:	GE2004

Descrición:

Corte practicado no afloramento rochoso situado no recanto SW da fachada NW da torre da homenaxe, na súa cara externa. Aínda que non está conservado máis que na súa metade SL, semella ter sido unha estructrua xemela da UE2118, situada no outro recanto desta mesma fachada. A planta, no que se conserva, configura un ángulo recto. Podemos definilo como un rebaixe rectangular rodeado dun reborde de apenas 5 cms de alto e 40 de ancho, tendo o conxunto forma de "L". En todo caso a estrutura semella que daba lugar a un rebaixe rectangular sobre o que ergueron unha estrutura, como no caso de UE2118. Non sabemos de que xeito se poderían complementar ambas estructuras.

Interpretación:

A pesar de estar conservado só fragmentariamente, semella que estamos ante un rebaixe rectangular sobre o que ergueron unha estructura, como no caso de UE2118. Ignoramos que tipo de estructura, así como o xeito en que se poderían complementar esta estructura e a UE2118. Si podemos afirmar que sería unha estructrua adxectiva ou integrada na torre da homenaxe.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2004



N

183.66

183.63

0.3

Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2346

Tipo:	Estrutura	Estrutura:	Muro
Contexto:	Construción	GE:	GE2001

Descrición:

Estrutura consistente nun conxunto de pequenas laxes de pedra tomadas con argamasa de cal moi sólida, con cunchas. As laxes atópanse dispostas sobre o rebaixe no afloramento rochoso practicado para cimentar o muro SL da torre da homenaxe. De feito, a esta pequena estrutura (de apenas 30 cm) adósase cara ao leste, un fragmento de sillar.

Interpretación:

Estrutura que formaba parte do acabado da cimentación do muro SE da torre de homenaxe.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

cobre a	UE2317

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2347

Tipo:	Corte	Estrutura:	Sen datos
Contexto:	Construción	GE:	GE2012

Descrición:

Estructura escavada na rocha, localizada ao exterior W da torre da homenaxe. Ten planta rectangular e base plana, consistindo esencialmente nun rebaixe na rocha de 5 cms de profundidade, 1,10 metros de lonxitude e 0,6 m de anchura. O seu eixo maior disponse cara o NL. No seu extremo SL ten unha pequena canle de saída que discorre con dirección S.

Interpretación:

Rebaixe na rocha de funcionalidade indeterminada. De todolos xeitos, debemos ter en conta a veciñanza doutro rebaixe que aínda que parcialmente perdido (UE2348), é moi semellante e tería unha certa relación.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2004



N

182.3

182.31

0.3

Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2348

Tipo:	Corte	Estrutura:	Sen datos
Contexto:	Construción	GE:	GE2012

Descrición:

Estrutura en aparencia semellante ó veciño corte UE2347, situado en paralelo a este e só a un metro de distancia cara ao NW del. Neste caso o corte consérvase só parcialmente, en concreto só o seu recanto ESE. Deste xeito podemos afirmar que temos un rebaixe de 5 cms de profundidade que aquí dá lugar a un rebaixe de planta rectangular, conservándose só as caras E e SL del.

Interpretación:

Estrutura de funcionalidade incerta, en todo caso relacionada coa estrutura veciña, e se cadra xemela, rexistrada como UE2347.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2004


N
182.15
182.15
0.25
Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2349

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Sen datos
Contexto:	Ocupación	GE:	GE2017

Descrición:

Nivel de xabre compacto de gran potencia, so resulta visible no perfil polo que non foi posible escavalo.

Interpretación:

Nivel de xabre en corte ao W da capela.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2139

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2350

Tipo:	Interfacies	Estrutura:	Escavacion Arqueolóxica
Contexto:	Abandono	GE:	

Descrición:

Interface que recolle a superficie do castelo tras do remate da campaña de escavación 2013.

Interpretación:

Interfaz que recolle a superficie do castelo tras do remate da campaña de escavación 2013.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2351

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Escavacion Arqueolóxica
Contexto:	Espolio	GE:	GE2015

Descrición:

Depósito composto por un conxunto de pedras medianas e pequenas, terra orgánica pouco compacta e materiais medievais e contemporáneos. Ten planta oval, cun eixo maior cara ao NE, superficie bastante chan, e semella encher un corte no chan.

Interpretación:

Amoreamento moderno de materiais relacionado con escavacións recentes no castelo, como amosan os plásticos e vidros modernos atopados dentro do depósito.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está por riba de	UE2344

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2352

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Silo
Contexto:	Ocupación	GE:	GE2015

Descrición:

Depósito de terra grisácea con pedriñas, medianamente compactado. É un depósito moi heteroxéneo, con bolsadas moi orgánicas e xabrentas alternadas, así como pedriñas, estas últimas localizadas sobre todo preto do fondo do corte que enche este depósito. Tamén no fondo atopamos un conxunto de carbóns de tamaño considerable. Só se conserva un fragmento cerámico no seu interior.

Interpretación:

Recheo do que semella un silo situado fronte á fachada NW da torre da homenaxe. O corte do silo foi rexistrado como UE2353. Dado o compoñente orgánico do depósito e a súa heteroxeneidade, semella que estamos ante unha amortización do silo. As pedras atopadas no fondo reforzan esta posibilidade.

Resumo materiais:

Cerámica	1
Lítico	1

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2032
rechea a	UE2353

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2353

Tipo:	Corte	Estrutura:	Silo
Contexto:	Ocupación	GE:	GE2015

Descrición:

Corte de pranta poligonal ao S e rematado en semicirculo ao N. Localízase no exterior NW da torre da homenaxe, e apenas a 2 metros dela. As paredes son bastante rectas, e o fondo lixeiramente cóncavo. O corte practicouse no xabre e aparece por debaixo dos posibles niveis de ocupación no exterior NE do castelo.

Interpretación:

Corte dun silo situado ao NW da torre da homenaxe, destinado ao almacenamento de produtos por determinar. Aínda que ao atoparse a sua boca por baixo dos niveis de uso do castelo poderíamos chegar a pensar que o silo é anterior ao castelo, debemos ter en conta que aquí os niveis de ocupación foron prácticamente arrasados, polo que poderíamos estar ante a parte inferior do silo, e este ter funcionado durante a ocupación plena do castelo.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está recheo por	UE2352
está por debaixo de	UE2352

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2355

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Depósito
Contexto:	Destrución	GE:	GE2015

Descrición:

Depósito de xabre, de planta aproximadamente rectangula, adosada ao muro UE2069, co lado longo adosado a el. É moi limpo, sen apenas materiais arqueolóxicos. Compactación alta.

Interpretación:

Bolsada de xabre adosada ao muro rexistrado como UE2069 e que puidera ser o resto do derrubo dun enlucido do muro ou doutro elemento construtivo. Así o parecen indicar o pequeno tamaño do depósito, a súa posición ao pé do muro, a ausencia de materiais e o feito de que está completamente illado, polo que descartamos que esteamos ante os restos dun pavimento.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2358

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2356

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Depósito
Contexto:	Ocupación	GE:	GE2015

Descrición:

Depósito composto maioritariamente por tella fragmentada e tamén terra orgánica, con superficie moi horizontal e compactación mediana. O depósito esténdese máis alá dos límites da sondaxe aquí practicada. Recupéranse no seu interior varios fargmentos cerámicos.

Interpretación:

A homoxeneidade do depósito e o feito de que estea disposto baixo un nivel de ocupación mesturado co derrubo do castelo (UE2050) así como outros paralelos neste sector (UE2099) fan pensar que estamos ante un recheo intencionado para habilitar un chan nesta área.

Resumo materiais:

Cerámica	9
Metal ferro	6

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2358
está por riba de	UE2359

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2357

Tipo:	Estrutura	Estrutura:	Pavimento
Contexto:	Ocupación	GE:	GE2022

Descrición:

Estructura formada por unha interfaz moi endurecida do depósito UE2100. É polo tanto un depósito con textura plástica, grisáceo e moi compactado, así como limpo de pedras, tella ou materiais arqueolóxicos. Localízase no nivel de ocupación medieval conservado en resalte na banda SL do interior da porta do castelo.

Interpretación:

Pavimento sobre o que se desenvolveu a ocupación rexistrada como UE2303, considerada neste punto a derradeira ocupación do castelo antes da súa destrución. Considerámolo pavimento pola súa dureza e o feito de que se desenvolve baixo un nivel con abondosos materiais e, en aparencia, moi pisado. Por riba del só documentamos os niveis de entullo que relacionamos co espolio do castelo, polo que de entrada debemos consideralo un vestixio do derradeiro momento de uso do castelo como tal.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:



N

182.53

182.51

182.56

182.52

0.4

Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2358

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Depósito
Contexto:	Destrución	GE:	GE2015

Descrición:

Depósito composto por sedimento arxiloso de cor amarelo alaranxado, disposto sobre o muro UE2303 (cabanel 2), ao que supera, cubrindo parcialmente o depósito UE2356, un posible recheo.

Interpretación:

Argamasa da estructura rexistrada como UE2302, aquí estendida ao leste deste muro, sobre o depósito UE2356, considerado un recheo previo á ocupación rexistrada como UE2050, á súa vez considerada a derradeira ocupación neste punto do castelo. Polo tanto estaríamos ante os restos da amortización da estructura UE2302, realizada na derradeira reforma do castelo.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2050
está por debaixo de	UE2298
está por riba de	UE2355
está por riba de	UE2356



N

182.53

182.59

182.55

182.54

182.55

0.3

Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2359

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Depósito
Contexto:	Ocupación	GE:	GE2015

Descrición:

Depósito composto por terra grisácea, escura, con moita tella, e máis compactada que a UE2356. Disponse pola totalidae da sondaxe, con superficie horizontal.

Interpretación:

Dado que o depósito non foi escavado, non podemos ser categóricos na súa interpretación. En todo caso podemos dicir que estamos ante un depósito moi semellante ao UE2356, ao que cubría, e que só se difefrencia sensiblemente del nunha meirande compactación. Polo tanto puideramos estar ante un nivel de recheo inmediatamente anterior á UE2356.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está por riba de	UE2302
está por debaixo de	UE2356



N

182.46

182.47

182.41

182.4

182.39

0.3

Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2360

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Depósito
Contexto:	Construción	GE:	GE2011

Descrición:

Depósito de xabre amarelo, moi plástico, sen materiais arqueolóxicos apenas. Disponse nunha superficie moi horizontal, entre a cara interna da falsabraga e a externa da muralla, na liza. Atópase a unha cota moi baixa, na banda NW do castelo, xustoao pé da cara SW do torreón circular W.

Interpretación:

Posible recheo da base da liza, tendo en conta a composición, a cota na que se localiza e a ausencia de materiais. É además compacto, e homoxéneo, ao xeito dun recheo intencionado.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2074


N
178.72
178.7
178.72
178.64
0.1
Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2361

Tipo:	Estrutura	Estrutura:	Muro
Contexto:	Construción	GE:	GE2005

Descrición:

Muro con planta en forma de "L", disposto no exterior NL da torre da homenaxe, entre esta e o espazo que ocuparía o lenzo NL das murallas do castelo que se atopan baixo a área de reserva arqueolóxica. O muro ten unha lonxitude de 4,5 metros na parede longa, e 4 metros na curta. O lenzo que discurre de SW a NL, que é o máis curto, ten dúas caras, nalgúns puntos con sillares de boa callidade, máis tamén complétase con perpiaños pequenos e informes. Este lenzo prolóngase a través dun único perpiaño, cara ao NL, insinuando unha continuación. O lenzo que discorre de SL a NW, é cáseque un muro de contención dunha soa cara, que miraría cara ao NL. Só se aprecia unha fiada en altura, aínda que non podemos descartar que teñamos máis, en tanto

Interpretación:

Muro ou muros posiblemente relacionados coa presenza de estancias adosadas á cara interna da muralla NL, aínda non descuberta. A súa posición é equivalente a dos muros xa documentados en todo o interior do lenzo SW da muralla. Non desbotamos por outra banda que esteamos en realidade ante dous muros diferentes, adosándose o lenzo SL-NW ao outro; isto explicaría a existencia do perpiaño que sobresae cara ao NL. Por outra banda, non podemos negar que o ancho do muro é inferior ao dos muros das restantres estancias citadas, o que podería darnos a entender que en realidadde estamos ante outro tipo de estrutura.Finalmente,

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2252



N

182.66182.66

182.58182.58

182.61182.61

182.71182.71

182.68182.68

182.6182.6

182.61182.61

0.4

Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2362

Tipo:	Corte	Estrutura:	Sen datos
Contexto:	Construción	GE:	GE2003

Descrición:

Corte escadrado na rocha natural que deixa en resalte unha superficie rectangular co seu eixo maior en dirección NL. Disponse inmediatamente por fóra e ao pé da cara externa do muro SL da torre da homenaxe, na súa banda SL. Consérvase só parcialmente, cunha lonxitude de 2,2 metros e un ancho de 1 metro. O tercio SW do chanzo está rebaixado 20 cms. A altura do chanzo respecto ao anterior son 30 cms.

Interpretación:

Corte para o chanzo superior dunha posible escaleira integrada á fachada SL da torre da homenaxe. Non desbotamos a posibilidade de que estemos por outra parte ante unha estrutura relacionada cos chanzos situados ao SW da torre da homenaxe, tendo desaparecido xa o contacto con eles.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está cortado por	UE2059


N
184.24
184.06
183.97
183.94
0.25
Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2363

Tipo:	Corte	Estrutura:	Sen datos
Contexto:	Construción	GE:	GE2003

Descrición:

Corte escadrado na rocha natural a un nivel inmediatamente inferior ao chanzo UE2362. Deixa xa que logo en resalte unha superficie en forma de "L"rectangular co seu eixo maior en dirección NL. Disponse inmediatamente por fóra e ao pé da cara externa do muro SL da torre da homenaxe, na súa banda SL. Consérvase só parcialmente, cunha lonxitude de 2,2 metros e un ancho de 1 metro. A altura do chanzo é de 30 cms con respecto ao inmediatamente inferior.

Interpretación:

Segundo chanzo, dende arriba, dunha posible escaleira integrada á fachada SL da torre da homenaxe. Non desbotamos a posibilidade de que esteamos por outra parte ante unha estrutura relacionada cos chanzos situados ao SW da torre da homenaxe, tendo desaparecido xa o contacto con eles.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está cortado por	UE2059



N

183.87

0.25

Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2364

Tipo:	Corte	Estrutura:	Sen datos
Contexto:	Construción	GE:	GE2003

Descrición:

Corte escadrado na rocha natural a un nivel inmediatamente inferior ao chanzo UE2363. Deixa xa que logo en resalte unha superficie en forma de "L"rectangular co seu eixo maior en dirección NW. Disponse inmediatamente por fóra e ao pé da cara externa do muro SL da torre da homenaxe, na súa banda SL. Consérvase só parcialmente, cunha lonxitude de 2 m e un ancho de 0,80 m. A altura do chanzo é de 30 cms con respecto ao inmediatamente inferior.

Interpretación:

Terceiro chanzo, dende arriba, dunha posible escaleira integrada á fachada SL da torre da homenaxe. Non desbotamos a posibilidade de que esteamos por outra parte ante unha estrutura relacionada cos chanzos situados ao SW da torre da homenaxe, tendo desaparecido xa o contacto con eles.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está cortado por	UE2059


N
183.68
183.68
183.69
0.3
Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2365

Tipo:	Corte	Estrutura:	Sen datos
Contexto:	Construción	GE:	GE2003

Descrición:

Corte escadrado na rocha natural a un nivel inmediatamente inferior ao chanzo UE2364. Deixa xa que logo en resalte unha superficie en forma de "L"rectangular co seu eixo maior en dirección NW. Disponse inmediatamente por fóra e ao pé da cara externa do muro SL da torre da homenaxe, na súa banda SL. Consérvase só parcialmente, cunha lonxitude de 2,2 m e un ancho de 0,80 m. A altura do chanzo é de 30 cms con respecto ao inmediatamente inferior.

Interpretación:

Cuarto chanzo, dende arriba, dunha posible escaleira integrada á fachada SL da torre da homenaxe. Non desbotamos a posibilidade de que esteamos por outra parte ante unha estrutura relacionada cos chanzos situados ao SW da torre da homenaxe, tendo desaparecido xa o contacto con eles. Ademáis, neste caso si podemos observar como o perfil deste chanzose aliña perfectametne co cuarto chanzo das escaleiras ao SW, aínda que o contacto estea interrompido.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está cortado por	UE2059


N
183.42
183.36
183.43
183.43
0.3
Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2366

Tipo:	Corte	Estrutura:	Sen datos
Contexto:	Construción	GE:	GE2002

Descrición:

Corte na rocha natural aliñado coa cara exterior SW da torre da homenaxe. É rectangular co seu eixo maior en dirección NW. Disponse inmediatamente por fóra da cara externa da cimentación do muro SW da torre da homenaxe. É o primeiro e máis elevado dun sistema de chanzos que descende dende a fachada SW da torre cara ao espazo 1. Toda a parte media do chanzo estaba completada con pequenos sillares, agora desaparecidos. O corte volta a aparecer no extremo SL, agora practicado sobre un afloramento máis elevado, cuxa superficie foi regularizada. Este último corte está dividido por un entalle con base chan e paredes rectas, de cásegue 50 cm de anchura.

Interpretación:

Primeiro chanzo, comezando dende arriba, do sistema de chanzos que comunica a fachada SW da torre da homenaxe co espazo 1. Aínda que descoñecemos a función específica deste sistema de chanzos (servir de asento, monumentalizar a torre, se cadra ambas funcións…) si podemos propoñer que, antes de ser espoliado, aquí erguíase un sistema regular de 4 chanzos que unían a torre da homenaxe co espazo 1, situado a menor altura.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está coberto por	UE2370


N
183.73
183.72
182.83
183.72
182.84
183.67
182.53
183.65
183.5
0.3
Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2367

Tipo:	Corte	Estrutura:	Sen datos
Contexto:	Construción	GE:	GE2002

Descrición:

Corte na rocha natural aliñado coa cara exterior SW da torre da homenaxe. É rectangular co seu eixo maior en dirección NW. Disponse inmediatamente por fóra da cara externa da cimentación do muro SW da torre da homenaxe. É o segundo, partindo do máis elevado, dun sistema de chanzos que descende dende a fachada SW da torre cara ao espazo 1. Toda a parte media do chanzo estaba completada con pequenos sillares, agora desaparecidos. O corte desaparece en toda a metade SL do sistema de chanzos.

Interpretación:

Segundo chanzo, partindo do máis elevado, do sistema de chanzos que comunica a fachada SW da torre da homenaxe co espazo 1. Aínda que descoñecemos a función específica deste sistema de chanzos (servir de asento, monumentalizar a torre, se cadra ambas funcións…) si podemos propoñer que, antes de ser espoliado, aquí erguíase un sistema regular de 4 chanzos que unían a torre da homenaxe co espazo 1, situado a menor altura.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:


N
182.89
0.07
Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2368

Tipo:	Corte	Estrutura:	Sen datos
Contexto:	Construción	GE:	GE2002

Descrición:

Corte na rocha natural aliñado coa cara exterior SW da torre da homenaxe. É rectangular co seu eixo maior en dirección NW. Disponse por fóra da cara externa da cimentación do muro SW da torre da homenaxe. É o terceiro, partindo do máis elevado, dun sistema de chanzos que descende dende a fachada SW da torre cara ao espazo 1. Tan só se conserva o extremo NW do chanzo, cunha lonxitude de apenas 1 metro, e unha anchura de 25 cms. O resto do chanzo supoñemos que estaría construído con pequenos sillares xa espoliados.

Interpretación:

Terceiro chanzo, partindo do máis elevado, do sistema de chanzos que comunica a fachada SW da torre da homenaxe co espazo 1. Aínda que descoñecemos a función específica deste sistema de chanzos (servir de asento, monumentalizar a torre, se cadra ambas funcións…) si podemos propoñer que, antes de ser espoliado, aquí erguíase un sistema regular de 4 chanzos que unían a torre da homenaxe co espazo 1, situado a menor altura.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:



N

182.66

0.3

Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2369

Tipo:	Corte	Estrutura:	Sen datos
Contexto:	Construción	GE:	GE2002

Descrición:

Corte na rocha natural aliñado coa cara exterior SW da torre da homenaxe. É rectangular co seu eixo maior en dirección NW. Disponse por fóra da cara externa da cimentación do muro SW da torre da homenaxe. É o cuarto, partindo do máis elevado, dun sistema de chanzos que descende dende a fachada SW da torre cara ao espazo 1. Consérvase en todo o longo do sistema, pero de xeito intermitente e en ocasións substituido polo que queda de algún sillar orixinal.

Interpretación:

Cuarto chanzo, partindo do máis elevado, do sistema de chanzos que comunica a fachada SW da torre da homenaxe co espazo 1. Aínda que descoñecemos a función específica deste sistema de chanzos (servir de asento, monumentalizar a torre, se cadra ambas funcións…) si podemos propoñer que, antes de ser espoliado, aquí erguíase un sistema regular de 4 chanzos que unían a torre da homenaxe co espazo 1, situado a menor altura.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está coberto por	UE2371



N

182.45

0.4

Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2370

Tipo:	Estrutura	Estrutura:	Sen datos
Contexto:	Construción	GE:	GE2002

Descrición:

Conxunto de tres bloques aliñados aliñados cara ao NW que complementaban xunto con rebaixes no afloramento o chanzo máis elevado deste sistema de chanzos. Dispóñense con dirección NW, tendo o conxunto apenas 1 metro de lonxitude, con apenas 30 cms de anchura. O conxunto atópase en moi mal estado de conservación, estando os bloques fragmentados.

Interpretación:

Bloques que integraban o chanzo máis elevado do sistema de chanzos que comunica a fachada SW da torre da homenaxe co espazo 1. Aínda que descoñecemos a función específica deste sistema de chanzos (servir de asento, monumentalizar a torre, se cadra ambas funcións…) si podemos propoñer que, antes de ser espoliado, aquí erguíase un sistema regular de 4 chanzos que unían a torre da homenaxe co espazo 1, situado a menor altura.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

cobre a	UE2366



N

183.21

0.1

Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2371

Tipo:	Estrutura	Estrutura:	Sen datos
Contexto:	Construción	GE:	GE2002

Descrición:

Conxunto de numerosos bloques aliñados cara ao NW que complementaban xunto con rebaixes no afloramento o chanzo que forma a base deste sistema de chanzos. Dispóñense con dirección NW, tendo o conxunto ate 15 metros de lonxitude, con apenas 30 cms de anchura. O conxunto atópase en moi mal estado de conservación, estando fragmentados a maioría dos bloques.

Interpretación:

Bloques que integraban o chanzo que forma a base do sistema de chanzos que comunica a fachada SW da torre da homenaxe co espazo 1. Aínda que descoñecemos a función específica deste sistema de chanzos (servir de asento, monumentalizar a torre, se cadra ambas funcións…) si podemos propoñer que, antes de ser espoliado, aquí erguíase un sistema regular de 4 chanzos que unían a torre da homenaxe co espazo 1, situado a menor altura.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

cobre a	UE2369


N
0.7
Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2372

Tipo:	Estrutura	Estrutura:	Sen datos
Contexto:	Construción	GE:	GE2002

Descrición:

Conxunto de catro bloques aliñados cara ao NW que complementaban xunto con rebaixes no afloramento e outros bloques o terceiro chanzo desta estrutura. O conxunto ten 1,5 m de lonxitude, con apenas 30 cms de anchura. Atópanse en moi mal estado de conservación, estando os bloques desgastados e fragmentados.

Interpretación:

Bloques que integraban o terceiro que forma a base do sistema de chanzos que comunica a fachada SW da torre da homenaxe co espazo 1. Aínda que descoñecemos a función específica deste sistema de chanzos (servir de asento, monumentalizar a torre, se cadra ambas funcións…) si podemos propoñer que, antes de ser espoliado, aquí erguíase un sistema regular de 4 chanzos que unían a torre da homenaxe co espazo 1, situado a menor altura.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:


N
0.075
Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2374

Tipo:	Estrutura	Estrutura:	Muro
Contexto:	Construción	GE:	GE2017

Descrición:

Fragmento de muro de dúas caras, construído con perpiaños e recheo de cascallo. Consérvase só nun tramo de 2 m de lonxitude, cun ancho de 0,80 m. Apenas conserva unha fiada de altura. Disponse no exterior E da torre da homenaxe, entre esta e a muralla.

Interpretación:

Posible cimentación do muro ou muro propiamente dito, que prolonga cara ao NL o muro rexistrado como UE2033. Conserva a mesma aliñación, anchura e morfoloxía que este.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

cobre a	UE2319
está por debaixo de	UE2322
cobre a	UE2333

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2375

Tipo:	Estrutura	Estrutura:	Cimentación
Contexto:	Construción	GE:	GE2017

Descrición:

Aliñación de dúas fiadas de perpiaños, dispostos con dirección N-S, conservando só unha fiada en altura. A estrutura ten unha lonxitude de 1,20 m e 0,80 m de anchura.

Interpretación:

Cimentación dunha estrutura xa perdida, que discurriría por este punto con dirección N-S. Non estaría aliñada nin coa estructura veciña (UE2308) nin co muro UE2033. Interpretación polo tanto indeterminada.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

cobre a	UE2319
está por debaixo de	UE2322
cobre a	UE2333

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2376

Tipo:	Corte	Estrutura:	Camiño
Contexto:	Construción	GE:	GE2017

Descrición:

Corte nun bloque de pedra situado no depósito UE2325. O corte, practicado na cara superior do bloque, ten planta rectangular e superficie cun acabado almofadado. Ten uns 20x30 cms de lado. Sobresale uns 20 cms da cota do depósito UE2325.

Interpretación:

A morfoloxía deste rebaixe apunta a idea de que poderíamos estar ante o único resto dun enlousado de pedra, o que explicaría a morfoloxía das estructura veciñas (UE2324, UE2325 e UE230) que servirían de cimentación para o enlousado.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:


N
0.05
Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2377

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Enterramento
Contexto:	Funerario	GE:	GE2017

Descrición:

Cadáver atopado no enterramento 1. Atópase cortado á altura da cadeira polo espolio do castelo, como amosa o murete de contención UE2209, aparentemente asociado ao espolio, que se atopa neste punto e baixo a cota do enterramento, tamén cortando o cadáver. Conservouse só ate onde descansa sobre a rocha natural. O cadáver atópase de cúbito supino, co brazo dereito cruzado sobre o peito. A enorme fragmentación dos ósos impide ser moi precisos; aínda así podemos apuntar que recuperamos ósos do lado dereito da mandíbula inferior e do occipital, parietal e temporal no que atinxe ao craneo. Consérvase parcialmente a clavícula, a columna vertebral e a caixa torácica, así como un pequeno fragmento de cadeira. Os ósos mellor conservados

Interpretación:

Cadáver do enterramento 1. O enterramento foi practicado escavando ate chegar á rocha natural. Non fica resto ningún de estructrua asociada ao enterramento. Cabe lembrar que o enterramento estaba localizado baixo un bolaño que, se cadra, foi o que o protexeu e posibilitou a súa conservación.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2263
está por riba de	UE2274

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2378

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Enterramento
Contexto:	Funerario	GE:	GE2017

Descrición:

Esqueleto formado por restos que conforman un cráneo completo, con mandíbula, en relativo bo estado de conservación. O resto do corpo está en moi mal estado: consérvanse restos moi alterados das vertebras, clavículas e homóplatos, así como restos inclompletos de ambos húmeros, as improntas da pelvis e ambos fémures. Estaba depositado en de cubito supino, co brazo dereito lixeiramente elevado fronte ao resto do corpo e se atendemos á disposición dos ósos longos. Todo invita a pensar que se trata dun enterramento primario pese a non conservar ningún tipo de material acompañante nin evidencias de estrutura funeraria.

Interpretación:

Cadáver do enterramento 2.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está por riba de	UE2333
está por riba de	UE2336

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2379

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Enterramento
Contexto:	Funerario	GE:	GE2017

Descrición:

Esqueleto formado por restos dos ósos planos que conforman o neurocráneo, dous ósos longos (fémures) e algún fragmento de óso de aspecto cartilaxinoso que non fomos quen de identificar, con mandíbula en relativo bo estado de conservación. O resto do corpo está en moi mal estado: consérvanse restos moi alterados das vértebras, clavículas e homóplatos, tamén conserva restos inclompletos de ambos húmeros, as improntas da pelvis e ambos femures. Estaba depositado en de cubito supino, co brazo dereito lixeiramente elevado fronte ao resto do corpo e se atendemos á disposición dos ósos longos. Todo invita a pensar que se trata dun enterramento primario pese a non conservar ningún tipo de material acompañante nin evidencias de estrutura

Interpretación:

Cadáver do enterramento 3, dentro do conxunto de enterramentos o situado máis cara ao SW.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está por debaixo de	UE2279
está por riba de	UE2332
está por riba de	UE2342

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2400

Tipo:	Interfacies	Estrutura:	Muro
Contexto:	Destrución	GE:	GE2017

Descrición:

Interface de destrución da estrutura 2022. Cobre toda a superficie da estrutura de xeito irregular, adaptándose ás pedras retiradas da estrutura. Ten unha lonxitude semellante á UE2022, 3,00 m., un ancho de 2,10 m e unha fondura de 1 m. ANULAR

Interpretación:

Interface de destrución da UE 2022

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

corta a	UE2022

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2402

Tipo:	Corte	Estrutura:	Muro
Contexto:	Destrución	GE:	GE2006

Descrición:

Interfacies de destrución da UE2033, estrutura medianeira no Sector 8, semellante á medianeira 2400. ANULAR

Interpretación:

Interface froito da desmontaxe da estrutura 2033.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

corta a	UE2033

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2404

Tipo:	Interfacies	Estrutura:	Muralla
Contexto:	Destrución	GE:	GE2007

Descrición:

Interfacies de desmontaxe da falsabraga (equiparable á UE2400 ou UE2402). Pode que haxa particularidades na interfacies, ao longo de toda a estrutura, que diferencian esta unidade (exemplo: desmontaxes realizados en diferentes épocas que deixarían diferentes improntas dependendo da potencia da desmontaxe). A efectos da morfoloxía da estrutura resulta irrelevante, pero o efecto deixado é equiparable ao longo de todo o conxunto.

Interpretación:

Interfacies de destrución da falsabraga.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2406

Tipo:	Interfacies	Estrutura:	Muro
Contexto:	Destrución	GE:	GE2013

Descrición:

Interfacies de destrución deixada trala desmontaxe e retirada de pedra da estrutura UE2069, Conxunto muraruio que se corresponde co primeira fase de contrucción de muros no interior da fortaleza. A destrucción semella coincidir co momento de desmontaxe definitiva do Castelo.

Interpretación:

Interfacies de destrución do muro UE2069. Correspóndese coa desmontaxe definitiva da fortaleza.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2409

Tipo:	Corte	Estrutura:	Sen datos
Contexto:	Construción	GE:	GE2013

Descrición:

Interpretación:

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2410

Tipo:	Interfacies	Estrutura:	Muralla
Contexto:	Destrución	GE:	GE2008

Descrición:

Interfaz de desmontaxe da UE2126 (barbacá) e da UE2411, UE2271 e UE2412-16 (escaleiras que dan acceso á seteira da barbacá), no sector NW da fortaleza.

Interpretación:

Interfaz de desmontaxe da estrutura da barbacá.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2411

Tipo:	Estrutura	Estrutura:	Muralla
Contexto:	Construción	GE:	GE2008

Descrición:

Cara exterior da muralla, no lado SE da fortaleza, no tramo 5. Alzado levantado con perpiaños de granito de tamaño grande (80-1,10 m de lonxitude, e unha altura que oscila entre 43-55 cm), dispostos de maneira horizontal, formando fiadas. Parecen asentados con argamasa. As xuntas son finas, pero aparece algún ripio enchendo os ocos. Ao igual que no tramo 6, os perpiaños aparecen asentados sobre a rocha, sendo esta a razón de que non apareza banqueta de cimentación exterior.

Interpretación:

Cara externa da muralla no tramo 5.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:


N
181.24
181.09
181.04
180.99
180.99
180.93
180.92
0.7
Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2412

Tipo:	Estrutura	Estrutura:	Muro
Contexto:	Construción	GE:	GE2014

Descrición:

Alzado murario construído con perpiaños de pequeno e mediano tamaño (entre 25-80 cm de lonxitude e 18-28 cm de altura), perfectamente traballados e careados, que aparecen definindo fiadas horizontais. Aparece algunha peza máis pequena (probablemente colocada a tizón) con ripios. As xuntas son finas (non se pode apreciar a presenza de argamasa). Forma parte do mesmo proceso construtivo que o resto da sala da seteira.

Interpretación:

Muro que pecha polo oeste a sala da seteira.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está coberto por	UE2416

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2413

Tipo:	Estrutura	Estrutura:	Sen datos
Contexto:	Construción	GE:	GE2014

Descrición:

Escaleira curva dun único tramo, definida por 12 chanzos. Adáptase prefectamente á forma do torreón defensivo da primeira muralla, contra o que está construído. As súas dimensións son de 72 cm de anchura na parte superior e 94 na parte inferior, e a altura dos chanzos oscila entre os 20 e 32 cm. Estes chanzos están feitos cunha soa peza ou dúas. Utilizan ripios entre as pezas. Algún dos chanzos é trapezoidal, adaptándose prefectamente á forma curva do torreón.

Interpretación:

Escaleira que facilita o acceso a unha estancia construída no tramo no que se xuntan a falsabraga e a barbacá, no momento no que se constrúe a segunda liña defensiva do castelo. Esta pequena estancia é abovedada cun van aberto ao exterior. Podería tratarse dunha seteira construída para defender o espacio aberto exterior á falsabraga (zona pola que discorrirían parte do sistema de canalizacións que traen a auga á fortaleza). A escaleira forma parte do mesmo proceso construtivo que os alzados laterais (UE2414 e UE2415), pois os chanzos aparecen tanto imbricados como apoiados nestes alzados.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

está coberto por	UE2414
está coberto por	UE2415



N



0.25

Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2414

Tipo:	Estrutura	Estrutura:	Muralla
Contexto:	Construción	GE:	GE2014

Descrición:

Alzado murario construído con perpiaños de pequeno e mediano tamaño (entre 17-70 cm de lonxitude e 16-32 cm de altura), perfectamente traballados e careados, que aparecen definindo fiadas horizontais. Aparece algunha peza máis pequena (probablemente colocada a tizón) con ripios. As xuntas son finas (non se pode apreciar a presenza de argamasa). A anchura deste alzado é duns 27 cm. Forma parte do mesmo proceso construtivo que as escaleiras, pois os chanzos aparecen apoiados nalgún caso contra este alzado, e noutros aparecen trabados nel. O tramo inferior deste muro remata nun arco de medio punta que facilita o acceso á estancia abovedada.

Interpretación:

Muro lateral N das escaleiras que dan acceso á estancia da seteira, na esquina entre a falsabraga e a barbacá.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

cobre a	UE2413
está coberto por	UE2416



N



0.2

Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2415

Tipo:	Estrutura	Estrutura:	Muro
Contexto:	Construción	GE:	GE2014

Descrición:

Alzado murario construído con perpiaños de pequeno e mediano tamaño (entre 25-80 cm de lonxitude e 18-28 cm de altura), perfectamente traballados e careados, que aparecen definindo fiadas horizontais. Aparece algunha peza máis pequena (probablemente colocada a tizón) con ripios. As xuntas son finas (non se pode apreciar a presenza de argamasa). A anchura deste alzado é duns 30 cm. Forma parte do mesmo proceso construtivo que as escaleiras, pois os chanzos aparecen apoiados nalgún caso contra este alzado, e noutros aparecen trabados nel. O tramo inferior deste muro aparece apoidao na rocha.

Interpretación:

Muro lateral S das escaleiras que dan acceso á estancia da seteira, na esquina entre a falsabraga e a barbacá.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

cobre a	UE2413
está coberto por	UE2416



N

181.32

181.31

181.3

0.2

Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2416

Tipo:	Estrutura	Estrutura:	Muralla
Contexto:	Construción	GE:	GE2014

Descrición:

Estrutura alintelada que configura unha cuberta sobre as escaleiras que dan acceso á estancia da seteira (na esquina entre a falsabraga e a barbacá). Aparece definida por unha pedra de cabeceira (1,10 m de lonxitude e 21 cm de grosor), que é a única que se pode medir, pois aparece definida completamente. O resto das pedras que forman parte da cuberta non se poden medir na súa totalidade (as medidas oscilan entr 87-90x35x23 cm). Todas as pezas que conforman a estrutura son unhas pezas rectangulares, escuadradas e careadas. Utilzan ripios e argamasa. A parte exterior da cuberta aparece baixo o recheo/alma da esquina da barbacá-falsabraga (UE2271).

Interpretación:

Cuberta das escaleiras que facilitan o acceso á estancia da seteira construída para defender o espazo exterior á barbacá e falsabraga.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:

forma o límite de	UE2201
cobre a	UE2412
cobre a	UE2414
cobre a	UE2415



N

0.2

Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2417

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Muralla
Contexto:	Construción	GE:	GE2008

Descrición:

Depósito conformado por bloques grandes de granito, completamente irregulares e sen traballar (entre 1-1,50 m de lonxitude), dispostos de maneira aleatoria, aínda que amosando certa horizontalidade, mesturados con pezas máis pequenas (entre 5-25 cm), tamén irregulares e sen traballar, que aparecen enchendo os ocos entre os bloques máis grandes. Todas as pedras aparecen trabadas con argamasa. Ocupan o espazo cinguido entre a cara interna/cimentación da muralla e a cara exterior (UE2418).

Interpretación:

Recheo interior da torre circular W da primeira muralla da fortaleza.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:


N
182.18
182.73
182.83
182.25
183.17
182.61
183.55
182.76
183.21
182.22
182.6
183.58
183.64
182.9
183.49
183.6
181.88
182.28
182.34
183.46
182.98
183.02
183.15
182.16
182.9
181.83
181.87
182.35
182.09
182.86
182
182.29
182.42
181.87
181.88
181.82
0.75
Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2418

Tipo:	Estrutura	Estrutura:	Muralla
Contexto:	Construción	GE:	GE2008

Descrición:

Cara exterior do torreon SE da muralla, que vén definido por perpiaños curvos de gran tamaño (entre 1-1,10 m e 40-50 cm de altura), perfectamente traballados e careados, asentados formando fiadas horizontais. Non se aprecian perpiaños máis pequenos como na outra torre. As xuntas son grosas, con presenza dalgún ripio. Probablemente estarían asentados con argamasa, aínda que non se aprecia. O alzado presenta tres planos distintos, pois nas fiadas inferiores amosa dous biseis (o inferior de 5 cm e o superior de 6 cm), que fan que a cara da muralla vaia crecendo cara adentro. Nun dos seus lados, o alzado apóisase na banqueta de cimentación da muralla (UE2269).

Interpretación:

Cara exterior do torreón circular W da primeira muralla.

Resumo materiais:

Relacións estratigráficas:


N
181.94
181.94
181.92
181.83
181.85
181.85
181.86
181.84
0.6
Metros

ESCAVACIÓN DE A ROCHA FORTE 2013

INVENTARIO DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

UE2419

Tipo:	Depósito	Estrutura:	Muralla
Contexto:	Construción	GE:	GE2008

Descrición:

